

aulas libres

revista de pensamento,
información e debate

do **steg**
3

A B C D E F G
H I J K L M N
Ñ O P Q R S T
U V W X Y Z



aulas libres nº 3 Galiza, outubro de 2014.

aulaslibres@stegsindicato.org

Edita:

Sindicato de Traballadoras e Traballadores do Ensino de Galiza, STEG.

Dirixe:

Comisión Permanente do Secretariado Nacional do STEG.

Coordinan:

Emilio Xosé Ínsua López e Sonia Fernández Casal.

Deseño e maquetación:

Rosa Herraiz.

Impresión:

Parsan Gráfica

Depósito legal: C 2092-2013

ISSN: 2340-8618

Permítese a reprodución sempre que se cite autoría e procedencia.

Distribución gratuíta.

A revista non se fai necesariamente partícipe das opinións das persoas que colaboran nela.

A confección deste número pechouse o 18 de outubro de 2014.

ilustración de cuberta:

“Derecho a la educación I”, Eduardo Barbero

aulas libres

3

28



10



30



22



34

2 editorial

3 inicio curso 2014-15
Permanente do STEG

4 desmantelamento
orientación
Permanente do STEG

6 anulación do decreto de
plurilingüismo en Balears
STEI

9 demisión Gallardón e
retirada de anteproxecto
sobre o aborto
Asemblea de Mulleres do
STEG

10 entrevista Carlos Negro
Emilio Xosé Ínsua

15 currículo oculto
antiecolóxico nos libros
de texto
Verdegaia

17 defendemos o ensino
público
Permanente do STEG

21 marchas da dignidade
J. Costoya

22 crónica: xornadas
coeducación
Asemblea de Mulleres do
STEG

24 o armário, a unesco, o
homossexual e o lusista
Kiko Nieto

26 pedagogía sistémica
cudec
Micaela Beiro

28 desacademizar a lectura
Concha Costas


29 comunidades de
aprendizaxe
Lucía Flora López Pérez

30 experiencias de aula:
os outros en nós
Carme Díaz

experiencias novas en
escolas vellas
Francisco Legaspi
recuperar os camiños
Carme Moure

34 para ver, para ouvir,
para ler
Isabel González Avión

36 texto literario
Escolma de Abelcebú
Carlos Negro



“Bomba casera”
Eduardo Barbero

Comparecemos por terceira vez diante da opinión pública ofrecendo (así o agardamos) materiais de interese para a reflexión, para a acción e para o debate sobre o noso traballo e sobre o sistema educativo en xeral. A entrada en vigor da LOMCE e as problemáticas que dela se están derivando xa no día a día dos centros focalizan boa parte dos artigos iniciais deste número, no que non faltan, en páxinas posteriores, achegas que convidan a reflexionar sobre enfoques, praxes e experiencias diversas, das que agardamos poidan tirarse conclusións enriquecedoras. Tamén damos voz, con moito orgullo, á Asemblea de Mulleres, que advirte oportunamente contra a euforia desmedida que provocou a agardada dimisión de Ruíz Gallardón; ás Marchas da Dignidade, que preparan importantes mobilizacións no noso país durante o mes de novembro; e ao sindicato irmán STEI, que conseguiu botar abaixo nos tribunais, canda outras organizacións, a versión autonómica balear do noso infame “decreto de plurilingüismo”.

Desde a redacción, queremos aproveitar este espazo para agradecer publicamente a xenerosidade e o desinterese crematístico de todas as persoas (escritoras, ilustradoras, entrevistadas, recensionadoras, buscadoras de colaboradoras...) que contribuíron á confección dos contidos presentes neste terceiro número de *Aulas Libres*. Non deixaremos de insistir na idea de que as páxinas desta publicación están desde o primeiro día e seguirán estando no porvir abertas a toda persoa que, desde dentro ou desde fóra dos lindeiros orgánicos do STEG, que iso é o de menos, queira acompañarnos e facernos medrar na aventura.

Finalmente, non podemos pasar sen aludir a unha cita importante que se aveciña. As traballadoras e traballadoras do ensino estamos convocados na xornada do 4 de decembro de 2014 a uns comicios sindicais de indubidábel transcendencia. O STEG participará neles, con candidaturas nas catro circunscricións galegas e cun programa que, poñendo de lado o concreto e miúdo das propostas que contén (das que damos un adiamento no suplemento central deste número da nosa revista), estará guiado por dúas liñas anclares moi claras: a nosa rotunda oposición á LOMCE e a todo o que dela se deriva na orientación e no día a día do sistema educativo e a defensa dun modelo sindical alternativo, asembleario, independente, democrático e pluralista.

Sobre eses dous eixos pivotará o discurso que o STEG desenvolverá nestas vindeiras eleccións sindicais. Necesitamos mover peza como profesionais do ensino fronte á enxurrada de cambios legislativos e normativos que recortan os nosos dereitos, maltratan a nosa economía, sobrecargan e deterioran as nosas condicións de traballo e impoñen unha orientación elitista e segregadora ao propio sistema en que o noso labor se insire. Necesitamos mover peza, tamén, como traballadoras e traballadoras preocupados polo ensino público. Temos que seguir tecendo alianzas pluralistas e respectuosas con todos os demais sectores da comunidade educativa e ampliar o nivel de respaldo para un sindicalismo que non se limite a contrapór plataformas en vez de procurar espazos eficaces de unidade e arrimar ombreiro contra o inimigo común en momentos tan decisivos e difíciles como os que vivimos. Nesa camiñada, atopámonos.

inicio do curso 2014-15

Implantación improvisada da LOMCE, reducións xeralizadas de profesorado, renovación dos concertos segregadores co OPUS...

O comezo do curso 2014-2015 evidencia, máis que ningún outro, a magnitude dos **recortes** realizados nos últimos anos en educación. O efecto acumulado da constante redución de profesorado e de recursos económicos aos centros públicos deixa un balance durísimo de **desaparición de unidades, agrupamentos, desdobres, programas de diversificación curricular...** así como o seu corolario máis involutivo: o inexorábel **incremento da ratio de alumnado por aula**. A inestabilidade dos cadros docentes fai cada vez máis difícil levar adiante un proxecto educativo de centro cunha mínima garantía de continuidade.


Ao **deterioro da calidade** da atención recibida polo alumnado, hai que engadirlle a precarización das condicións laborais: **aumento de profesorado desprazado, suprimido, itinerante...** Así, en especialidades como Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe, nas que as itinerancias van camiño de ser a norma, é cada vez maior o número de especialistas que optan por concursar por Educación Primaria para evitar esta situación. Pero o exemplo paradigmático da precariedade laboral pola que opta a Consellaría é o **aumento**, novamente, das bolsas de **interinidades**. En só dous cursos, o profesorado interino ao que se lle adxudicou praza no concurso provisional (CADP) aumentou nun 121% no corpo de mestres (pasou de 547 a 1.211) e nun **74%** nos corpos de secundaria (pasouse de 1.020 a 1.781). Cómpre salientar que dificilmente pode o actual profesorado interino aspirar á estabilidade laboral ante as míseras ofertas de emprego público que realiza a Consellaría.

Porén, non todo son recortes en educación! Para o que sempre ten cartos este goberno - cuxas tesouras cebáronse xa nos libros de texto, nos comedores, nas escolas rurais, nos salarios do profesorado...- é para **financiar os colexios que segregan** ao alumnado por sexo, mesmo se fai falla, como fixo ver a sentenza do TSXG, saltándose a lei. O cinismo de Jesús Vázquez púxose novamente a proba: é quen de salientar a legalidade de renovar os concertos aos centros do OPUS agora que están amparados pola LOMCE, ao mesmo tempo que non asume ningunha responsabilidade política por mantelos anteriormente de xeito

ilegal e a pesar das sentenzas contrarias, que se baseaban na LOE, a estes concertos.

A Consellería de Educación, especialista en levar reveses nos tribunais, desouviu a fundada petición de STEG de suspender cautelarmente a resolución definitiva do **Concurso Xeral de Traslados** mentres a Xustiza non ditase a derradeira palabra nese preito e “tirou para adiante”, colocando o problema nunha situación de práctica irresolubilidade sen que se causen graves prexuízos. Mostra da improvisación - ou do cinismo - co que actúa arredor deste tema é a recentemente anunciada decisión de non sacar ningunha praza vacante en Galiza para o concurso 2014-2015. Só unhas semanas antes deste anuncio negouse a asumir a demanda deste sindicato de que se suspendese cautelarmente o concurso anterior, argumentando que o número de persoas afectadas sería maior. En pouco máis dun mes toma unha decisión que prexudica a un número considerabelmente superior de docentes, creando de paso unha situación rocambolesca de incertidume laboral e xurídica que só pode atribuírse á inaxeitada xestión dunha Consellaría que día tras día confirma a súa incapacidade manifesta para conducir como debería o ensino público galego. A crispación e o deterioro convivencial que, en moitos casos, xerou a polémica do CXT entre os traballadores e traballadoras do ensino semella servir moi ben os intereses dos que, nos altos despachos da Consellaría, procuran un último amparo defensivo diante da súa nefasta xestión na socorrida táctica do “divide e vencerás”...

Entrementres, a última Orde de axudas para a adquisición de **libros de texto** elimina os materiais curriculares e o material didáctico e complementario, que tamén eran obxecto de axuda, nos anos anteriores. Xusto **cando máis apreta a crise** a algunhas familias, a **Consellaría elimina dereitos ao alumnado economicamente máis desfavorecido**. Só a alarma social xerada ao redor das axudas ás



familias con nenas/os que presentan necesidades educativas especiais (parálise cerebral, síndrome de Down, síndrome de Asperger, etc.) fixo recuar ao goberno nestes casos concretos, mantendo porén os recortes para as demais. Á supresión destas axudas hai que engadir os recortes realizados polo ministerio: o propio Wert recoñece unha **diminución** de 75 millóns de euros nas **bolsas de estudo** a respecto do curso anterior...

Coa implantación da LOMCE, nace a **FP Básica**, cunha regulamentación que chega tarde (a Orde de implantación é do 13 de Agosto e o Decreto é do 15 de setembro!!!), sen tempo para coñecerla minimamente antes de comezar o curso. A eliminación dos PCPIs dos centros educativos de localidades afastadas das cidades ou das vilas máis grandes vai facer que desapareza a única oferta coa que se contaba para que o alumnado en risco de exclusión - **máis de 2.000 alumnas/os afectados** - non ficase abandonado. **A LOMCE comeza así a realizar o labor para o que foi deseñada: lexitimar as desigualdades sociais.**

A improvisación na implantación da nova lei é evidente en todas as etapas educativas: nos cursos 1º, 3º e 5º da Educación Primaria, o decreto de currículo publicouse no DOG o día anterior ao comezo das clases (!!!). Isto dá a medida das prásas coas que se quere implantar esta contrarreforma educativa (non fose que lles pasase o mesmo que coa LOCE...) obviando, como en toda a negociación da lei, aos colectivos directamente implicados na súa implantación (profesorado, equipos directivos, alumnado, nais/pais...). O caos neste comezo de curso está garantido: mantéñense, por exemplo, as persoas coordinadoras de ciclo a pesar de estaren os ciclos extinguidos e sen función ningunha, mentres se crean perfís para coordinar os cursos 1º, 3º e 5º sen puntuación polo traballo desenvolvido, coas súas funcións pouco definidas e sen unha circular xeral que regule a situación, a pesar de que o STEG a reclamou por rexistro oficial. Desde o STEG preguntámonos se este é o xeito que ten a Consellaría de educación de "propiciar unha renovación na práctica docente", como sinala no preámbulo do decreto.

Pero non pensemos que quen nos goberna non sabe o que fai... En vésperas de ano electoral comezan a caer, como esmolos, as promesas de mellora..Un 25% por aquí, un 50% por alá... A calidade das promesas realizadas é o mellor indicador da realidade da mellora económica que preconizan... Seica van aboar un 25% dunha paga extra - a de 2012 - que, máis cedo que tarde, os tribunais lle obrigarán a nos devolver por ter sido substraída retroactivamente de xeito ilegal!; disque van aprobar unha taxa de reposición do 50% das prazas de profesorado xubilado, como se iso fose reverter a grave situación á que teñen levado o ensino cos recortes de prazas. Que listos son os **PPolíticos** que nos gobernan! E que parvos nós, se lles fôsemos crer nada!

Neste comezo de curso, desde o STEG convidamos ao conxunto do profesorado a seguir loitando contra os recortes e a traballar con todos os instrumentos democráticos á nosa man para subverter pacificamente a que, con razón, xa podemos considerar a peor lei educativa da historia recente: coidamos que é o noso dereito e o noso deber como docentes. Recoñecemos todo o esforzo mobilizador previo e o conseguinte desgaste xerado, mais entendemos que **mentres non se derroque o monstro pedagóxico da LOMCE temos que continuar as protestas**, para que a mobilización realizada e todo o reivindicado até o de agora en defensa do ensino non caia en saco roto. **Trátase de atoparmos espazos de incumprimento que diminúan todo o posible o impacto destrutivo da aplicación efectiva da LOMCE antes da súa desexada derogación.**



continúa

Nestes tres últimos cursos estamos asistindo a un desmantelamento da Rede de Orientación Educativa de Galicia (ROEGAL) publicada no curso 2009-2010, na que se recollía que "os Departamentos de Orientación dos centros de Educación Secundaria deixan de ter centros adscritos", xa que se están adscribindo CEIPs aos Departamentos de Orientación dos IES unha vez comezado o curso e elaborados os horarios, coas dificultades que iso conleva á hora de confeccionar unha programación axeitada e unha planificación do curso.

Estes cambios, denunciados polo STEG xa o curso pasado, provocan que dependa da boa vontade dos Equipos Directivos facilitar a coordinación cos equipos de ciclo, a asistencia a Claustros, Consellos Escolares, Comisións de Coordinación Pedagóxica, Comisións de Convivencia, sesións de avaliación,... que coincidan nas mesmas datas e fan que o labor da orientación quede reducido á avaliación psicopedagóxica do alumnado e se deixen relegadas a un segundo plano, ou desaparezan, tarefas tan importantes como:

- Deseño de accións encamiñadas á prevención das dificultades.

- Impulso da participación do profesorado en programas de innovación educativa

- Promoción da cooperación centro-familias.

- Favorecemento do proceso de orientación vocacional e das transicións nas diferentes etapas e itinerarios educativos.

o desmantelamento da rede de orientación educativa

O papel que se asigna á orientación é imprescindible para que funcionen determinados programas como a Diversificación Curricular e o PROA e resulta paradoxal que, por un lado, se lle encomenden cada vez máis funcións, e, por outro, se escatime en persoal e non se recoñeza explicitamente o seu labor. Véxanse se non, estes datos correspondentes, na súa maioría, á provincia de Lugo:

-IES de Quiroga: No curso 2012-2013 adscribíenlle en novembro o CEIP de Quiroga e o CEIP de San Clodio.

-IES Pedregal de Irimia, en Meira. En outubro de 2013 adscribíronlle o CEIP de Meira e o CEIP Rosalía de Castro de Pol.

-IES Fonmiñá, na Pastoriza: En outubro de 2013 adscribeselle o CEIP O Salvador na Pastoriza.

-IES Plurilingüe Fonte Albei, na Fonsagrada. Está sen orientador dende hai 3 anos. Só vai dous días á semana a orientadora do CPI de Cervantes, que tamén está compartida co CEIP Ponte de Doiras. O CPI asume do seu orzamento esta quilometraxe.

-CPI de Taboada, no curso 2013-2014 adscribeselle o CEIP de Portomarín.

-CEIP Lois Tobío, Viveiro (305 alumnas/os) compartido coa EEI San Roque (104 alumnas/os). En outubro de 2013 adscribíenlle o CEIP Plurilingüe de Covas (202 alumnas/os).

-CEIP Pedrosa Latas (Celeiro-Viveiro) compartido co Santa Rita de Galdo (Viveiro) e o CEIP Vicente Casabella de Oural en outubro de 2013, adscribíenlle o CEIP do Vicedo.

-CEIP Plurilingüe de Covas (Viveiro) ten creada a praza de Xefe de Departamento de Orientación compartida co CEIP do Vicedo. A praza está cuberta por un mestre definitivo que está con un permiso de Servizos Especiais (por 4 anos) sen substituír.

-CEIP Antonio Pedrosa Latas, de Celeiro: No curso 2014-2015 o Servizo de Inspección propón á Orientadora do centro un día fixo de presenza no centro independentemente das necesidades que haxa en Oural porque só hai unha mestra para impartir clase e as nais e pais de alumnas/os están a presionar para que se arranxe esta situación.

-CEIP de Présaras, no Concello de Vilasantar (estrada de Curtis-Melide). Ó CEIP Virxe do Portal en Sobrado (A Coruña) adjudicáronlle o orientador/a no concurso de traslados mais finalmente foi a Orientadora de Teixeira quen asumiu o centro a pesar de que xa compartía os centros de Curtis, Teixeira e Présaras.

A comezos deste curso 2014/15 xurden casos como o do IES Illa de Sarón, en Xove, onde a Xefatura do Departamento de Orientación vaina exercer a Xefa de Estudos e PT do centro (polo tanto unha persoa do corpo de mestras/es), contando co beneplácito da Inspección

Educativa e perxudicando claramente o colectivo de orientadoras/es.

O STEG denuncia, así mesmo, que a Consellería mantén sen cubrir dúas prazas, en cada unha das catro provincias, nos Equipos de Orientación Específicos que brindan apoio especializado aos Departamentos de Orientación. Intolerábel é a situación de provisionalidade dos orientadores en CEIPs onde as prazas estanse a cubrir curso a curso con provisionais e non con persoal definitivo, o que daría estabilidade e continuidade ao traballo de orientación. Estes feitos fan imposíbel un futuro da orientación con prioridade ás intervencións sistémicas e preventivas e a formación do profesorado e das familias para que se incida na maior parte do alumnado.

-O Equipo de Orientación Específico de LUGO ten dúas prazas sen cubrir correspondentes coa especialista en trastornos Motóricos e o de Trastornos Xeralizados do Desenvolvemento.

-O Equipo de Orientación Específico de PONTEVEDRA ten a praza de especialista en Audición e Linguaxe sen cubrir.

-O Equipo de Orientación Específico de OURENSE ten dúas prazas sen cubrir, a de responsábel de Déficits Sensoriais e a de Orientación Vocacional e Profesional.

-O Equipo de Orientación Específico de A CORUÑA ten dúas prazas sen cubrir, que se corresponden coa traballadora Social e coa especialista en Audición e Linguaxe.

o stei gaña o recurso

contra o decreto de plurilingüismo balear

A política educativa do PP en materia lingüística non precisa presentación no noso país. Galiza foi pioneira no tratamento que, alí onde chegou ao poder, o PP deu ás linguas propias de cada comunidade: unha cruzada contra o recoñecemento, a protección xurídica e a normalización lingüística.

A estratexia de presentar como enfrontadas a aprendizaxe do inglés e da lingua propia, baixo o marco do chamado Tratamento Integrado de Linguas (TIL), ten sido amplamente contestada polo profesorado e a sociedade no seu conxunto en todas as comunidades nas que se aproveita a introdución da aprendizaxe nunha lingua estranxeira para reducir as horas de ensino na lingua propia e aumentar as de castelán.

Así, en Illes Balears o cambio lexislativo foi respondido coa maior manifestación da democracia no arquipélago, e a súa entrada en vigor desatou unha longa folga indefinida en educación que protagonizou o comezo do curso pasado. A este amplo rexeitamento social hai que sumar, novamente, a reprobación por parte da xustiza. O TSJ de Balears vén de declarar nulo o chamado Decreto de trilingüismo, que representaba na práctica o fin da inmersión lingüística en catalán. Esta non é, porén, a primeira advertencia da xustiza: o mesmo tribunal tumbara xa o primeiro decreto TIL do Govern, quen, para poder burlar a sentenza e impoñer o seu trilingüismo nas aulas, aprobou, poucas horas despois de coñecerse a sentenza, un segundo decreto.

O intento do goberno balear de presentar a sentenza como baseada exclusivamente nun aspecto formal - por ter sido aprobado sen a “imprescindíbel” consulta á Universitat das Illes Balears”- atopa o seu desmentido na propia sentenza, que argumenta no seu fallo que o decreto “altera” o proceso de normalización da lingua catalá, á que deixa como “un resto significativamente menor”. Por se non lle quedou claro ao Govern -que anunciou a súa intención de continuar aplicando o TIL mentras recorre o fallo diante do Tribunal Supremo-, a Sala do Contencioso-Administrativo decretou a paralización cautelar da orde aprobada en maio pasado e que desenvolvía o calendario de implantación para este curso. O auto estima que a excepcional medida cautelar é procedente xa que a efectividade da futura sentenza “quedaría comprometida se, entremetres, se permite a pervivencia e o desenvolvemento do calendario de aplicación duns proxectos de tratamento integrados de linguas fundamentados no decreto declarado nulo”. Segundo a xustiza, que a sentenza non sexa firme non modifica a realidade de que o decreto “ten sido obxecto dun ponderado exame que non se pode ignorar”.

Que así sexa.

CELEBREM EL 29 DE SETEMBRE, HEM TOMBAT EL TIL!

Aquesta setmana pasada ha estat plena de bones notícies per a la comunitat educativa. A punt de complir un any de l'històric 29 de setembre, el Tribunal Superior de Justícia de les Illes Balears (TSJIB) s'ha tornat a pronunciar sobre el Decret TIL. Ha donat la raó a l'STEI i als altres sindicats que varen presentar la impugnació i l'ha declarat nul. També ha dictat la suspensió cautelar immediata de l'Ordre que el desplega. D'aquesta manera ha donat per bones les al·legacions presentades i ha legitimat la nostra lluita i la reivindicació per una educació de qualitat, inclusiva, en català i feta des de la participació i el consens.

Ens ha cridat l'atenció que la portaveu del govern Bauzá, i ara nova consellera d'educació, hagi volgut “tranquil·litzar les famílies” sobre les conseqüències d'una sentència dictada per un tribunal de justícia (!!!). La sentència precisament ve a posar ordre, pau i coherència pedagògica dins els centres. No cal que ens tranquil·litzi, senyora consellera, és una sentència d'un Tribunal de Justícia, no una amenaça d'un grup terrorista. Malgrat el caos que vostès amb les seves normatives il·legals han intentat provocar dins els centres, la comunitat educativa ha sabut pal·liar de forma constant el malestar que vostès han volgut crear. Els docents hem mantingut una posició ferma perquè el caos no arribàs dins les aules i hem fet un doble esforç. Per una banda la nostra prioritat ha estat fer avançar acadèmicament els nostres alumnes, fer-los progressar en els seus aprenentatges i en la seva formació com a persones, d'acord amb les famílies, i per l'altra i al mateix temps, hem mantingut la protesta reivindicativa al carrer i hem presentat els recursos davant els tribunals.

President, consellera... acatau la sentència. No faceu més el ridícul. I recordau que no podeu fer un decret llei al manco per tres raons.

Primera, un govern ha de complir les sentències que dicta un tribunal. I més si aquesta sentència ha estat precedida per un dictamen del Consell Consultiu, òrgan d'assessorament jurídic de la comunitat autònoma, que ja havia avisat de la incompatibilitat d'alguns articles del Decret amb la normativa vigent.

Segona, no es pot vulnerar l'estat de dret que es basa en la separació de poders: el Parlament legisla, el govern executa i els tribunals jutgen. El govern només pot legislar en cas d'extraordinària i urgent necessitat, tal com regula l'Estatut D'autonomia a l'article 49. Davant això, l'STEI va fer una enquesta a tots els centres de les illes Balears i un 90% de centres diuen que els va millor tornar als projectes lingüístics

consensuats, que no continuar endavant amb la imposició antipedagògica del TIL. Per tant no està justificada l'extraordinària i urgent necessitat. I a més a més, la potestat de fer un decret llei no pot afectar drets establerts a l'Estatut. La comunitat educativa té dret a participar en les normatives que s'hagin d'aplicar als centres.

I la tercera raó, també molt important és que, - tal com ens informaven l'altre dia els companys del PSIB a la reunió convocada amb la comunitat educativa-, el govern ja ha estat advertit que no pot fer decrets Llei per burlar les sentències dels tribunals de justícia.

ENTESOS PRESIDENT? Recordi que una de les coses que va fer sortir més gent al carrer dia 29 de setembre de 2013, a més de la unitat d'acció de tota la comunitat educativa, va ser que el govern no acatà la sentència del TSJIB que guanyaren els sindicats i que suspenia cautelarment el calendari d'aplicació del TIL per al curs 2013-2014. La societat civil va fer pinya darrere la comunitat educativa pel TIL, per l'educació i també perquè no volien ser governats d'aquesta manera.

La base legal per tornar als projectes consensuats anteriors i complir amb la sentència del TSJIB, hi és. Els centres estan disposats a fer-ho. Tenim el Decret de mínims que encara és vigent. L'any passat s'aplicava a deu cursos. Mai no ha estat derogat. També tenim, per incrementar l'ensenyament de l'anglès i reconduir els recursos destinats al TIL (professors, llibres de text...) les Seccions Europees, els plans Pilots plurilingües, el conveni amb el MEC per dotar els centres d'auxiliars de conversa... D'aquesta manera els centres tenen empara legal i progressivament poden desfer el nyap pedagògic que vostès pretenien imposar i reconduir el projectes lingüístics consensuats cap a la coherència pedagògica que es trobava en perill.

Ara faltaria eliminar els expedients als directors, indemnitzar-los, recuperar les plantilles de professorat, els programes de suport, baixar les ràtios d'alumnes per aula, cobrir les substitucions, retornar la democràcia i la participació de tota la comunitat educativa, recuperar l'autonomia de centres i el consens amb l'administració educativa... La lluita continua i el diàleg i la negociació real s'ha d'obrir.

Encara falta resoldre el recurs presentat sobre la resolució de la Directora General d'innovació que imposava el TIL als centres on l'havien rebutjat. És a dir, els claudres -òrgans col·legiats de l'administració- varen votar els projectes lingüístics adaptats a la normativa TIL. A un 70% de centres va sortir NO al TIL. La directora general va fer una resolució per anul·lar una votació democràtica i deixar sense valor el dret a la llibertat de vot. El nostre sindicat ho té recorregut. La comunitat educativa té recursos, pensa, actua. I com deia el nostre company d'Eivissa l'altre dia, hem tengut temps de conscienciar-nos de quin és el nostre paper, ensenyar, educar i defensar una educació de qualitat per a tothom. Idò així... quin dia deis que ens convocau? Recordau que ha de ser amb tots els representants de la Comunitat Educativa!



"Balas lápiz"
Eduardo Barbero

CELEBREMOS O 29 DE SETEMBRO. TUMBAMOS O TIL!

Esta semana pasada [a penúltima de setembro de 2014] estivo chea de boas novas para a comunidade educativa. A punto de se cumprir un ano do histórico 29 de setembro, o Tribunal Superior de Xustiza das Illes Balears (TSJIB) pronunciouse novamente sobre o Decret TIL (Tratamento Integrado de Linguas). Deunos a razón ao STEI e aos outros sindicatos que presentamos impugnación e declarouno nulo. Tamén ordenou a suspensión cautelar inmediata da Orde que o desenvolve. Deste xeito deu por boas as alegacións presentadas e lexitimou a nosa loita e a reivindicación dunha educación de calidade, inclusiva, en catalán e feita desde a participación e o consenso.

Chamounos a atención que a voceira do goberno presidido por Bauzá, e agora nova conselleira de educación, quixese "tranquilizar as familias" sobre as consecuencias dunha sentenza ditada por un tribunal de xustiza (!!!?). A sentenza, precisamente, ven poñer orde, paz e coherencia pedagóxica nos centros. Non fai falla que nos tranquilice, señora conselleira, é unha sentenza dun Tribunal de Xustiza, non unha ameaza dun grupo terrorista. A pesar do caos que vostedes coas súas normativas ilegais intentaron provocar nos centros, a comunidade educativa soubo paliar de forma constante o malestar que vostedes mesmos quixeron crear. Os docentes mantivemos unha posición firme para que o caos non chegase ás aulas e fixemos un duplo esforzo. Por unha banda, a nosa prioridade foi facer avanzar academicamente os nosos alumnos e alumnas, facelos progresar nas súas

aprendizaxes e na súa formación como persoas, en colaboración coa familias, e pola outra e ao mesmo tempo, mantivemos a protesta reivindicativa na rúa e presentamos recursos diante dos tribunais.

Presidente, conselleira... acaten a sentenza. Non fagan máis o ridículo. E lembren que non poden facer un decreto lei á brava por tres razóns.

Primeira, un goberno ten que cumprir as sentenzas que dita un tribunal. E máis aínda cando esta sentenza foi precedida dun ditame do Consell Consultiu (Consello Consultivo), órgano de asesoramento xurídico da comunidade autónoma, que xa avisaba da incompatibilidade dalgúns artigos do Decreto coa normativa vixente.

Segunda, non se pode vulnerar o estado de dereito, que se basea na separación de poderes: o Parlamento legisla, o goberno executa e os tribunais xulgan. O goberno só pode legislar en caso de extraordinaria e urxente necesidade, tal e como regula o Estatuto de Autonomía no seu artigo 49. A este respecto, o STEI fixo unha enquisa entre todos os centros das Illes Balears e un 90% dos mesmos dixeran que prefiren volver aos proxectos lingüísticos consensuados que seguir adiante coa imposición antipedagóxica do TIL. Polo tanto, non está xustificada a extraordinaria e urxente necesidade. E, ademais, a potestade de facer un decreto lei non pode afectar dereitos contemplados no Estatuto. A comunidade educativa ten dereito a participar nas normativas que se teñan que aplicar nos centros.

E a terceira razón, tamén moi importante, é que, - tal e como nos informaban o outro día os compañeiros do PSIB (Partido Socialista das Illes Balears) nunha reunión coa comunidade educativa -, o goberno debe tomar nota de que non pode facer decretos-lei para burlar as sentenzas dos tribunais de xustiza.

ENTENDIDO, PRESIDENTE? Recorde que unha das cousas que fixo saír máis xente á rúa o día 29 de setembro de 2013, ademais da unidade de acción de toda a comunidade educativa, foi que o goberno non acatase a sentenza do TSJIB que gañaran os sindicatos e que suspendía cautelarmente o calendario de aplicación do TIL para o curso 2013-2014. A sociedade civil fixo piña arredor da comunidade educativa polo TIL, pola educación e tamén porque non quería ser gobernada desa maneira.


A base legal para volver aos proxectos consensuados anteriores e cumprir coa sentenza do TSJIB está aí.

M. Antónia Font. STEI-Intersindical

Os centros están dispostos a facelo. Temos o Decreto de mínimos que está aínda vixente. O ano pasado aplicábase a dez cursos. Nunca se derogou. Tamén temos, para incrementar o ensino do inglés e reconducir os recursos destinados ao TIL (profesores, libros de texto...), as Seccións Europeas, os plans Pilotos plurilingües, o convenio co MEC para dotar os centros de auxiliares de conversa... Deste xeito, os centros teñen amparo legal e poden corrixir progresivamente a chafallada pedagóxica que vostedes pretendían impoñer e reorientar os proxectos lingüísticos consensuados cara á coherencia pedagóxica que estaba en perigo.

Agora falta retirar os expedientes aos directores e directoras, indemnizalos, recuperar os planteis de profesorado, os programas de apoio, baixar os ratios de alumnos/as por aula, cubrir as substitucións, retomar a democracia e a participación de toda a comunidade educativa, recuperar a autonomía dos centros e o consenso coa administración educativa... A loita continúa e teñen que se abrir un verdadeiro diálogo e unha verdadeira negociación.

Está pendente aínda de se resolver o recurso presentado sobre a resolución da Directora Xeral de Innovación que impuña o TIL aos centros que o rexeitaran. Con efecto, os claustros - órganos colexiados da administración - votaran os proxectos lingüísticos adaptados á normativa TIL. Nun 70% dos centros gañou o NON ao TIL. A amentada directora xeral fixo entón unha resolución para anular esa votación democrática e deixar sen valor o dereito á liberdade de voto. O noso sindicato recorreu esa resolución. A comunidade educativa ten recursos, pensa, actúa. E como dicía un compañeiro noso de Eivissa o outro día, tivemos tempo de nos concienciar sobre cal é o noso papel, ensinar, educar e defender unha educación de calidade para todos. Así as cousas, cando din que nos van convocar? Recorden que ten que ser a todos os representantes da Comunidade Educativa!



“Derecho a la educación II”
Eduardo Barbero

a demisión de gallardón e a retirada do seu anteproxecto sobre o aborto

O Goberno retira o Anteproxecto de Lei do aborto e o Ministro Ruíz Gallardón demite. Hoxe (23.9.2014) todas as persoas feministas temos un motivo de ledízia. Parouse o intento de agresión que o goberno e o seu ata agora ministro de xustiza querían impoñer á liberdade de conciencia e de elección das mulleres. Hoxe foi o día da vitoria, pero, como dicían os antigos estrategas, gañar unha batalla non é gañar a guerra. A guerra continúa.


Que significa a retirada deste anacrónico anteproxecto de lei? De momento, que gañou a democracia. A vontade popular expresouse radicalmente durante moitos anos a través dos movementos feministas - en diversas e multitudinarias manifestacións -, reclamando o dereito a unha maternidade libre e responsabelmente elixida. As mulleres non somos menores de idade que necesitamos ser tuteladas. O dereito a decidir sobre o noso corpo, a nosa vida e a nosa maternidade é un dereito humano, inherente e inalienábel. E ningún goberno está lexitimado para restrinxir tal dereito en nome de crenzas relixiosas ou morais.

Pero, ben está o que ben acaba. De momento, o pulso que se mantiña co goberno gañouse. Un goberno que como sabemos pretendía -e moito nos tememos que segue pretendendo-, recortar os dereitos e liberdades das mulleres.

Con todo, non é momento de confiarse, nin de baixar a garda, pois a causa de que o goberno retire este proxecto de lei non é outra que a crecente impopularidade que está acumulando en todas as capas da sociedade, incluídas moitas das súas votantes habituais. Ruíz Gallardón foi o chibo expiatorio que o Partido Popular sacrificou para recuperar parte do terreo perdido, e para tratar de parar a caída en intención de voto agora que se aproximan as eleccións.


As voces que nos chegan desde o goberno son que todo se fai en nome do consenso. Con todo, o Partido Popular mantén o recurso interposto ante o Tribunal Constitucional - para o que non pediu consenso ningún- encamiñado a que a actual Lei de interrupción do embarazo sexa declarada inconstitucional. Trátase de “pasar a pelota” aos tribunais e que sexa esta institución quen lle resolva o problema? Doutra banda, Mariano Rajoy xa advertiu que “seguirán estudando fórmulas para conseguir maior acordo na reforma”, é dicir, que segue habendo unha intención máis ou menos oculta de restrinxir os dereitos actuais.

Visto o visto, esta pretendida retirada da Lei e a conseguinte demisión do Ministro que a defendía parecen unha cortina de fume para ocultar a realidade. Mentres non se retire o recurso ante o Constitucional non debemos baixar a garda. A mobilización social que se visibilizou en movementos como a Marea Violeta ou o Tren da Liberdade, entre outros, debe continuar, esixindo non só a retirada do recurso senón unha Lei que garanta, dunha vez por todas, e para sempre, aborto libre, seguro e gratuito. E fóra do código penal.



objeto extraño

“Objeto extraño”
Eduardo Barbero



entrevista carlos negro

Figura destacadísima da chamada Xeración dos 90 da poesía galega (xunto a nomes como os de Fran Alonso, Yolanda Castaño, Marta Dacosta, Lupe Gómez, Olga Novo, Paco Souto, os irmáns Rafa e Miro Villar e moitos outros) e columnista habitual da prensa dixital galega (*Praza Pública*, *Sermos Galiza*...), Carlos Negro (Lalín, 1970) exerce actualmente a docencia no CPI “Eusebio Lorenzo Baleirón” de Dodro e vén despregando curso tras curso un entusiasta percorrido de recitais, obradoiros e charlas por moitos centros educativos do país, con algúns dos seus poemarios ou coa Literatura en xeral como atinado pretexto.

Para comezar, gustaría de coñecer que lembranzas gardas da túa primeira escolarización e cales foron as vivencias máis determinantes do teu paso infantil e xuvenil polas aulas.

Eu fixen a EXB no colexio *Sagrado Corazón* de Lalín; lémbrome como un rapaz tímido e calado, pero sen especiais problemas de integración; aquela escola de finais dos setenta aínda tiña moito de franquista, mais claro, daquela nós non nos decatabamos deses condicionantes ideolóxicos. Lembro que aínda había bastante permisividade cos castigos físicos, sobre todo cos rapaces *internos*, que padecían humillacións e malleiras.

Lémbrome xogando ao fútbol con calquera cousa que tivese unha forma máis ou menos esférica, ou ás canicas no recreo, ou intercambiando cromos de series de televisión.

En fin, para resumir, diría que eu formo parte da Xeración Heidi, que medrou con Mazinguer Zeta e os bocatas de pan con chocolate á hora da merenda.

E cando esperta en Carlos Negro esa paixón pola literatura, pola escrita e polos libros que tanto te caracteriza?

Diría que é un proceso de natureza intimista, e nel hai unha primeira fase de gozo inocente a través da lectura autodidacta de todo tipo de textos, non sometidos a ningún cánon: os tebeos do *Capitán Trueno*, as novelas ilustradas da editorial Bruguera, as historias do oeste de Marcial Lafuente Estefanía, as aventuras de *Los Cinco*... E logo, os clásicos da literatura universal na colección *Tus libros* de Anaya, que resultou fundamental na miña formación lectora durante a adolescencia. Iso si, todo en castelán, pois a finais dos setenta, nunha vila como Lalín, non creo que houbera moitas posibilidades de acceder á literatura galega, nun sistema de ensino aínda marcado polo franquismo máis serodio.

Só na etapa final do instituto *Ramón M^a Aller Ulloa*, e grazas ao maxisterio de dous excelentes profesores de literatura (Luz Marina e Mario), a paixón lectora foise facendo máis consciente e reflexiva, de tal xeito que me decantei polos estudos de Filoloxía, atraído polo ámbito literario máis que polo lingüístico. E será na etapa universitaria de Santiago de Compostela cando dea o paso adiante cara á escrita, a través da participación en revistas literarias como *Ólivos*.

O medio xeográfico, cultural e humano en que medras é esa Galiza interior, fortemente rural e ao mesmo tempo en claro devalo que fica retratada, dalgún xeito, no teu *Far-West* (Eds. Xerais, 2001) e no teu *Héleris* (Eds. Espiral Maior, 2003). En que medida cres que esa procedencia marca a túa personalidade como escritor e que valoración fas como cidadán galego dese proceso de declinio, que palpaches desde meniño, de todo ese mundo?

Claro que estou marcado por esa procedencia, pola luz do monte do Candán no horizonte, polas xeadas e as nevaradas invernais da infancia, polos veráns a carón do río Arnego... pero tamén polas vivencias das feiras na casa dos meus avós maternos, que funcionaba de droguería e perruquería a un tempo, e que estaba no barrio da Cacharela, en Lalín. Son un rapaz de vila, fronteirizo entre o burgués e o agrario. Deses contrastes, mesmo a nivel familiar, vai nacemento o universo de *Far-West* e *Héleris*, aínda que con perspectivas distintas en cada caso. Indagacións na memoria, feita de retallos, sensacións, pequenas historias. Pero ese ciclo coido que xa o fechei e agora indago noutros carreiros non relacionados coa identidade individual ou colectiva.

Fixeches estudos universitarios en Compostela. Que nos contas desa época? Como ves a Universidade actual?

Da universidade lembro sobre todo as conversas cos amigos sobre o divino e o humano nas cafetarías arredor da Praza de Mazarelos. Tamén as sesións do festival de *Cineuropa*, onde aprendín de cine case todo o que sei. E das aulas, pois algunhas cousiñas soltas, aínda que non lembro ningún docente que me marcasse dun modo definitivo. En todo caso, foi unha etapa da vida fascinante, de descubertas vitais e tamén artísticas.

Da universidade actual non sei moito para emitir un xuízo razoado. Desde a distancia, véxoo como un ente un pouco endogámico desconectado do resto da sociedade, pero se cadra esta é unha apreciación inxusta, ou un prexuízo derivado da miña falta de atención ao seu labor formativo e académico.

Desde que te incorporas ás aulas como docente (e son testemuña diso), as lecturas en voz alta na aula e o comentario de textos literarios constitúen dous dos elementos máis caracterizadores do teu quefacer. Cóntanos por que é así e que vantaxes e inconvenientes che xorden ao aplicares ese enfoque metodolóxico.

Moitas veces esquecemos que a poesía nace, antes que nada, dunha voz que canta. Sonoridade e ritmo. Música interna. Palabra que non di, senón que soa. Por iso paréceme moi necesario insistir na lectura de poemas nas aulas como unha experiencia de recreación artística, e non como unha obsesión por atopar o sentido último dun texto.

En canto ao comentario de textos literario, paréceme unha práctica pedagóxica que debe ser revisada, cando menos no ensino obrigatorio. Comezar a ler poesía con adolescentes pensando xa na interpretación textual e filolóxica coido que é un erro de enfoque, pois afogamos a paixón lectora co rigor academicista. Iso expresábase moi ben na película do *Club dos poetas mortos*, cando o profesor Keating pon en cuestión os tratados escolares que equiparan a análise poética á disección dun cadáver.

A pregunta anterior lévame inevitablemente a che interrogar tamén sobre a túa visión da situación da lingua no ensino e na sociedade.

Nisto non podo ser moi optimista. A situación da lingua, como elemento comunicativo e funcional da sociedade galega, está nun punto límite de non retorno. E o proceso de desfeita que estamos a padecer require un compromiso urxente e un esforzo de consenso que non sei se seremos quen de acadar. Porén, moitos cidadáns deste país seguimos educando as nosas fillas e fillos en galego, coa confianza de que lles estamos a transmitir un legado para que se sintan donos do seu destino. E merecemos que se respecten os nosos dereitos, a liberdade de escoller o galego como lingua común, de recoñecemento mutuo, de utilidade social, máis alá de trincheiras políticas e barricadas ideolóxicas.

Nesta perspectiva, que consellos darías sobre o papel que nos corresponde aos mestres no proceso de normalización?

Somos responsables máximos de manter vivos espazos de afecto cara ao idioma, desmontando vellos prexuízos e ignorancias ruíns. Non podemos perder a esperanza, pero tampouco ignorar a desfeita. E ademais de amor cara á lingua, necesitamos aprender mellores estratexias comunicativas e emocionais para recuperar a autoestima lingüística dos galegofalantes, sobre todo entre a mocidade. Pero, claro, temos o goberno que temos, e unha política lingüística de eutanasia activa. O profesorado non pode arranxalo todo, se o resto da sociedade non pon algo da súa parte.

Tiveches durante un tempo, hai xa algúns anos, un cargo directivo na AELG (Asociación de Escritores en Lingua Galega), o que supoño che serviu para coñeceres mellor as dinámicas corporativas do gremio. Como avalías os roles que a sociedade confere actualmente aos escritores e como as actitudes que estes manifestan perante as dinámicas e aconteceres sociais?

En primeiro lugar, debo dicir que o gremio d@s escritor@s galeg@s, afortunadamente, non funciona como un bloque homoxéneo, tanto en actitudes persoais como políticas, ou mesmo en posicionamentos estéticos. E iso paréceme

saudable, pois sería bastante aburrido convivir con colegas que pensan e opinan sempre igual ca ti.

En segundo lugar, coido que o gremio d@s escritor@s é como calquera outro, sexa de taxistas, mecánicos ou arquitectas. Hai xente riquiña e outra repugnante, hai quen se considera o embigo do mundo e, pola contra, quen desconfía dos eloxios tribais. E, por suposto, a calidade literaria non sempre vai aparelhada coa altura ética, e viceversa.

En fin, o que eu levo aprendido do contacto co mundo intelectual é que o oficio literario é moi digno (e pouco agradecido se non levas dez anos morto, polo menos) e merece un mínimo respecto por parte da sociedade, pero non máis respecto nin recoñecemento público que o labor dunha panadeira, un electricista ou unha ama de casa. E que o andazo máis común entre os escritores vén sendo o da vaidade, aínda que na maioría dos casos non chega a ser unha enfermidade grave.

E como ves o panorama literario galego, do punto de vista da creatividade, na actualidade?

Non se pode reducir todo a un titular rimbombante, deses que nos poñen polas nubes ou nos afunden nun lameiro. Algunha vez declarei en público (medio en serio, medio en broma) que a literatura galega contemporánea era cada vez máis normal, pois cada ano se editaban un feixe de obras sen demasiado valor estético, moitas outras bastante dignas, e mesmo algunha dunha calidade excepcional. En todo caso, non creo demasiado niso das Idades de Ouro, sobre todo cando percibimos o estado de abandono da lingua nas novas xeracións. E de que nos vale escribir de marabilla, se case ninguén nos le? E logo habería que ir facendo análise por xéneros, para ofrecer unha valoración máis exacta. En todo caso, a nosa literatura é tan digna como calquera outra, e hai moito onde escoller para satisfacer o gusto dun público lector diverso e plural.

A edición do teu primeiro libro, *As laranxas de Alí Babá* (1998), correu da man de Letras de Cal. Logo publicaches con Espiral Maior, con Positivas e con Xerais. Como ves o mundo editorial galego de hoxe, nomeadamente no que toca á edición de poesía?

Véxoo como a loita dun barco por non se ir a pique no medio da treboada. E aínda así, sempre atopei nas editoras galegas xente comprometida co universo da lectura, entusiasta do seu traballo, e cun respecto enorme polo labor dos poetas. Pero a situación social da lingua condénanos á clandestinidade dentro do noso propio país. E tamén hai unha parte do profesorado dos institutos que hai anos que non entra nunha librería a mercar un libro, aínda que logo obriga a ler ao seu alumnado obras que eles nin sequera se dignaron mirar. E así non se pode. E o goberno, a facer que fai... en fin. Pero aínda así, temos experiencias positivas como o *Culturgal*, que demostran a forza

que podemos chegar a ter no ámbito da industria da creatividade, se non nos poñen atrancos no camiño. E sería inxusto esquecer o magnífico labor das bibliotecas escolares e clubs de lectura.

E que nos dis da túa relación coa Rede? Moitos dos poetas galegos da túa quinta impulsaron revistas dixitais e blogs. Non estás tentado por esa ferramenta?

Tentar, estiven tentado mil veces... Mais sempre atopo unha escusa para non facelo. Dunha banda, non me considero nada exhibicionista da miña intimidade. Doutra banda, coido que non teño tantas cousas importantes que dicir dun modo continuo, e por iso permanecer calado paréceme unha opción interesante. E terceiro, dáme preguiza, non creo que fose moi constante en alimentar os contidos dun blogue, por exemplo. Aínda así, cando quero opinar sobre algo, teño a fortuna de contar cun espazo aberto en *Praza Pública* e *Sermos Galiza*, e con iso abonda.

Na túa poética non soen faltar os xogos intertextuais. Hai algún referente imprescindíbel na túa formación como poeta? Que libros son insoslaíábeis no teu proceso de decantación por unha voz e un estilo propios?

Admiro desde a primeira vez que os lin a Álvaro Cunqueiro, a Manuel Antonio, a Uxío Novoneyra. Logo, máis tarde, descubrín a Rosalía de Castro, as súas múltiples anticipacións e desafíos. Tamén lle debo mil cousas @s poetas dos noventa, e sei que Chus Pato está máis alá dos meus límites, e que Xela Arias e Lois Pereiro son dous malditos magníficos. E os poemas de Celso Fernández Sanmartín están a carón dos meus das laranxas, e Emilio Araújo abríume os ollos á forza da lingua oral da comunidade. E de fóra das nosas fronteiras... hai tantos nomes que case non sabería dicir. Raymond Carver ou Wislawa Szymborska, por citar dous así de primeiras. E tamén Valente e Gamoneda, ou Antón Reixa na etapa dos Resentidos e Manuel Rivas con aqueles poemas de *Ningún cisne*. E tamén me sinto moi identificado coa actitude poética de autores como Fran Alonso ou Raúl Vacas.



Da lectura dunha parte dos versos do teu libro *Héleris* (Ed. Espiral Maior, 2003) pódese deducir que non te identificas nadiña con certos ideoloxemas pondalianos... Fran Alonso dixo algunha vez que había que ler máis a Curros... Ti que dis?

Digo que ler a Eduardo Pondal supón un pracer estético enorme, diso non hai dúbida, pero tamén digo que podemos criticar con naturalidade as posicións ideolóxicas dos nosos clásicos, por desfasadas ou retrógradas. O machismo dalgúns poemas de Pondal non admite dúbidas, e o celtismo é unha elaboración mitolóxica como calquera outra, mais que non creo que aporte nada desde un punto de vista da construción nacional da Galicia contemporánea. Pero dito isto, Pondal é un poeta con maiúsculas. E Curros interésame, sobre todo, na súa faceta satírica e irónica. O humor é un antídoto contra todas as derrotas.

Hai un libro na túa traxectoria que, ao meu ver, recibiu unha acollida moito menos entusiasta do que merecía, sequera fose pola súa orixinalidade e polo seu espírito satírico e “gamberro”. Refírome ao *Abelcebú* (Eds. Positivas, 2010), do que damos nestas mesmas páxinas unha pequena mostra. Como foi o proceso compositivo deste libro e que sabes das reaccións que suscitou entre o público lector?

Resulta curioso, *Abelcebú* foi un proxecto moi divertido e liberador durante o proceso de composición, pero logo, por razóns que ignoro, pasou bastante desapercibido entre a crítica e o público, a pesar de que eu pensaba que era unha obra, en certo modo, máis comercial que calquera libro de poesía. Se cadra foi un produto híbrido e inclasificable, difícil de encaixar no noso sistema literario, demasiado irreverente para consideralo unha brincadeira e demasiado extravagante para ser tomado en serio. En todo caso, é unha obra que me permitiu exercer a sátira sen limitacións, utilizando un humor retranqueiro e xoguetón. E todo comezou como unha homenaxe íntima ao famoso *Diccionario do demo* de Ambrose Bierce, aínda que logo as definicións de *Abelcebú* foron collendo un aire máis absurdo, mesmo poético ás veces.

A túa obra poética destaca, en xeral, pola incisiva e lúcida ollada que deitas sobre certas dinámicas que se dan na nosa sociedade. Sénteste un “poeta social”?

Se che son sincero, as etiquetas impórtanme máis ben pouco. Non me sinto nada cando escribo, só me preocupa o poema en si mesmo, a súa veracidade nese espazo indeterminado onde a linguaxe estoupa e acontece. Non obstante, trato de aceptar con naturalidade que as lectoras e lectores (críticos incluídos) establezan marcos que delimiten o carácter xeral da miña obra. Nese contexto, non me molesta o epígrafe de “poeta social”, sempre que se aplique nun sentido amplo, non cinguido a factores de intervención ideolóxica ou panfletaria. Non acredito na poesía posta ao servizo dunha causa. En realidade, a poesía é unha causa en si mesma, e non precisa de aditivos externos que a xustifiquen.

En todo caso, si que resultas un poeta pouco hermético ou xeroglífico...

Pois si, é algo que xa teño escoitado antes, debo ser iso que na banda deseñada se denomina un *autor de liña clara*. En todo caso, coido que o universo poético pode ser tan plural que admite tanto a *transparencia* como o *ocultamento*, o problema é cando os poemas resultan demasiado obvios ou en exceso retóricos, pois daquela, deixan de existir. En todo caso, gustaríame lembrar un aforismo de Andrés Neuman que define como o proceso creativo consiste nunha procura do equilibrio sobre a corda frouxa: *“Asombrarnos de lo elemental de manera compleja, o asombrarnos de lo complejo de manera elemental. En esa elección nos jugamos todo el lenguaje”*.

Cultivos transxénicos (Instituto de Estudos Miñoranos, 2008) retrata con ironía o fenómeno de abandono do mundo rural que acontece na Galiza dos nosos días, cos seus males asociados





(especulación urbanística, despoboamento, deterioro ecolóxico, desfeita cultural e patrimonial...). Canto de irreversible consideras este proceso degradatorio? Hai algún motivo polo que debamos sentirnos esperanzados?

Resúltame difícil contestar a isto dun modo certo. É un asunto moi complexo, que sobrepasa a miña capacidade de análise racional. En realidade, síntome esgazado, pois non me considero parte do mundo rural, cando menos como elemento activo. Eu xa nunca fun un Balbino, senón un rapaz de clase media criado nunha vila e educado para *fuxir da terra e da fala*. A miña lingua materna foi *el castellano de pueblo con fonética de aldea*, e desa herdanza veño. Claro que vivín os estereos da sociedade rural precapitalista *con intensidade afectiva*, sobre todo a través da miña familia paterna de Agolada, pero sei que ese mundo de artesas e muños nunca vai volver. Pero tampouco quero habitar na nostalxia dun rural idealizado, e de aí que *Cultivos transxénicos* resulte unha especie de acta de defunción, fría como unha autopsia. E, ao mesmo tempo, resúltame moi violenta e inxusta coa nosa tradición cultural colectiva esa transición feroz cara á unha modernidade sen memoria, tecno-dictatorial. Por iso, non sei xa que máis dicir deste tema. Só que leades a Emilio Araújo en *Cinsa do vento*, para que valoredes na súa xusta medida aquilo que perdemos.

En *Makinaria* (Eds. Xerais, 2009) e en *Penúltimas tendencias* (Eds. Xerais, 2014) debrúzaste sobre mecanismos de alienación que afectan sobre todo á xente máis nova, o noso alumnado, en definitiva. Fálanos dos motivos que te levaron a formular esas propostas poéticas tematicamente tan orixinais e, como sinalou Isabel G. Avión nunha recensión aparecida no segundo número da propia revista *Aulas Libres*, tan empáticas coa xeografía emocional e social das rapazas e rapaces actuais.

Se de algo me sinto satisfeito nestes últimos anos é de ter conectado co universo emocional d@os adolescentes a través da poesía; *Makinaria* foi, en certo modo, un salto cego á piscina, sen saber se había auga ou non, mais a resposta da mocidade foi magnífica; percibín, no percorrido polos institutos, como o ritmo e a enerxía fluían dun modo moi natural, e como se establecía unha conexión moi forte co auditorio a través do recitado dos versos. Dun modo intuitivo fun descubrindo un universo temático achegado ás súas vivencias, a través dunha estética que fuxía adrede do lirismo académico, e que falaba de coches tuneados e derrapaxes polas pistas.

En canto a *Penúltimas tendencias*, trátase dun proxecto máis reflexivo, con maior carga de profundidade na loita contra os estereotipos de xénero, pero segue a formular retos difíciles: habitar na voz dunha moza contemporánea, expresando a súa individualidade en loita contra as marcas dunha sociedade sexista, a pesar da aparente modernidade *cool* que nos venden.

En ambos os dous casos, a motivación principal destes libros aparentemente *tan pouco poéticos* foi ese desexo de achegar os versos á mocidade rachando os tópicos que aínda pesan sobre o xénero, e que tan ben desvelou Fran Alonso no prólogo de *Poetízate*. E, por suposto, sen renunciar a certo espírito crítico, pois boa falta nos fai.

Xa como remate, Carlos, quería coñecer a túa valoración sobre dúas cuestións que nos afectan como docentes: os concertos cos centros que segregan alumnado por xénero e a LOMCE.

Uf! Diría que a ofensiva reaccionaria cheira que alcatrea. Pero como a vara e a besta a teñen os de sempre, a ver quen lles tose.

E moitas grazas pola vosa atención e interese, que recibo como un agasallo inesperado.

o currículo oculto antiecolóxico nos libros de texto



Antecedentes: un estudo sobre os libros de texto.

No ano 2004 a Comisión de Educación Ecolóxica de Ecoloxistas en Acción realizou un estudo sobre os contidos dos libros de texto en relación ás cuestións medioambientais¹. Ao fío deste traballo, en outubro de 2007, Verdegaiia organizou un obradoiro práctico sobre esta temática, que repetimos no 2008. O grupo formado entón asumiu como obxectivo a elaboración dun informe propio para o caso galego², que viu a luz no ano 2010. Debullaremos de forma breve as características destes traballos.

O seu punto de partida é moi práctico, por iso que a escolla recae sobre o libro de texto. Certo que no eido da educación formal son moitos os factores en xogo, entre os que os manuais non son máis que unha peza do conxunto. Porén, a súa presenza segue a ser maioritaria como elemento interposto entre profesorado e alumnado no transcorrer cotián dos cursos. O libro de texto actúa cando menos nestes planos:

- Recolle os temarios oficiais, trasladándoos ás aulas.
- Interpreta estes temarios dun xeito particular.
- Inflúe, en maior ou menor medida, na práctica docente do profesorado.
- Determina, en grao variable, as aprendizaxes do alumnado.
- Implica unha complexa negociación económica entre editoriais, familias, administracións e centros escolares, na que están mesturados intereses editoriais, políticas educativas e dereitos básicos.

É preciso aclarar que con este estudo non quixemos debater sobre o uso dos libros de texto nas aulas, que sería outra cuestión de interese pero allea ao noso obxectivo. En realidade, os libros de texto non foron máis que unha escusa para analizar as categorías culturais coas que vemos o mundo. Pensamos, porén, que a análise destes materiais non é, para ben ou para mal, algo adxectivo ao funcionamento das institucións escolares. Ademais,

os libros de texto son un dos elementos que permiten unha análise máis sinxela, en tanto que publicacións accesibles e pechadas. Por desgracia non é habitual facer este tipo de revisións, salvo quizais dende unha perspectiva de xénero e coeducativa, así que isto animounos no seu día a achegar o noso grao de area.

Por que falar de currículo oculto en relación a materiais publicados?

Precisamente por ser esa contradición aparente un síntoma do problema. O currículo oculto, que está xa moi traballado como concepto, corresponde ao conxunto de normas, crenzas, relatos, roles, etc., que están presentes nas institucións educativas fóra do currículo explícito. Na teoría os libros de texto preséntanse como meros transmisores dese currículo oficial, facilitadores en todo caso da súa adquisición mediante unha serie de elementos pedagóxicos como textos, imaxes, exercicios ou esquemas. Na práctica estes libros están tamén cargados de currículo oculto, de escollas, interpretacións, mensaxes paralelas, silencios e outros moitos mecanismos que son o soporte natural destes contidos na sombra.

Non pretendemos demonizar o currículo oculto. A súa existencia é normal. O problema é outro e ten que ver en primeiro lugar coa falta de consciencia sobre a súa presenza e nun segundo termo cos seus contidos. Como no caso da linguaxe non verbal, non se trata de eliminala para transmitir ben unha mensaxe, senón de sermos conscientes dela para buscar coherencia en toda a nosa comunicación. O currículo oculto tamén pode estar cargado de elementos positivos que reforcen determinados valores, pero para iso hai que repensalo e actuar sobre el.

¹ Este estudo plasmasse nunha publicación, *Educación y Ecología. El currículo oculto antiecológico de los libros de texto*; Ed. Popular, Madrid, 2007. Pode consultarse tamén en pdf, na seguinte ligazón: http://www.ecologistasenaccion.org/IMG/pdf/Informe_curriculum.pdf

² Pode consultarse na nosa páxina web: http://www.verdegaiia.org/images/stories/areas_tematicas/educacion_ambiental/curriculo_oculto_web.pdf

A metodoloxía.

Para a realización do noso informe seguimos unha serie de pautas que no seu día consideramos importantes, pero de ningún modo establecen un modelo único de achegamento a este tipo de análises. Pasamos a enumeralas por se servisen de guía:

- O primeiro foi crear un grupo de traballo estable.
- No seo dese grupo escolléronse unha serie de categorías de análise: enerxía, transporte, tecnoloxía, alimentación, xénero, etc.
- Buscáronse criterios dentro de cada categoría que asociar, ben a unha cultura da sostibilidade, ben a unha da insostibilidade.
- Con esa guía pasamos a analizar os libros de texto, seleccionados por curso, materia e editora para facilitar posteriores comparacións. Coa mesma finalidade cada libro foi revisado por máis dunha persoa.
- Para concretar a análise buscamos extractar textos ou seleccionar imaxes significativas, así como sinalar ausencias e silenzos.
- Finalmente puxemos todo este traballo en común.

As nosas conclusións.

O que limos e compartimos no seu día non foi nada tranquilizador. Os libros de texto non contribúen á comprensión dos grandes problemas medioambientais xerados polas nosas sociedades. Se ben chegan a asomarse a algúns deles como o cambio climático, a contaminación, a deforestación ou a perda de solo, o espazo adicado a eles soe ser accesorio, confinado aos temas finais ou a pequenos apartados e recadros intercalados no medio de múltiples referencias a unha cultura da insostibilidade. Non hai fondura no tratamento, non hai coherencia nas propostas, nin nas mensaxes. Un exemplo: pódese citar como un problema grave o cambio climático, mesmo sinalar que chega a pór en risco a estabilidade natural do planeta, despois de adicar varios temas aos beneficios da industrialización e o uso dos combustíbeis fósiles. Pódese citar o problema sen dar solucións, ou indicar algunha verdadeiramente ridícula: o cambio climático combátese con lámpadas de baixo consumo! Pódese empregar o concepto pero sen asocialo á vida real, baleiro de significado. Pódese entender que a tecnoloxía é só aquela producida por grandes empresas, asociada a unha economía de mercado consumista e que

precisa grandes doses de enerxía. Pódese dicir tranquilamente que o noso mundo non se comprendería sen tecnoloxía. Sen que tecnoloxía? Claro, sen aquela producida por grandes empresas, ... Son só exemplos.

A sorpresa chegou ao analizarmos os currículos oficiais. Resulta que nestes, dentro dunha orde, claro, existían máis fiestras abertas a visións alternativas sobre o mundo que nos propios libros de texto. Que os libros interpretaban en xeral estes currículos dun xeito reducionista. Eis outra escolla chea de currículo oculto!

Que facer.

Desde Verdegaiia intentamos seguir a fomentar este tipo de análises críticas. De feito temos colaborado coa Nova Escola Galega nalgũa edición dos seus seminarios de avaliación de materiais didácticos. Porén, non temos a capacidade de xerar dinámicas amplas na comunidade educativa. Animamos polo tanto a que sexa o propio profesorado quen de repensar a súa práctica docente tamén dende esta perspectiva. A facer a súa propia análise do currículo oculto antiecolóxico nos libros de texto, pero tamén en calquera outro elemento presente nos centros escolares: como consumimos recursos no centro?, que facemos co lixo?, todo o profesorado viaxa en coche particular?, a comida do comedor é local?, que uso facemos da auga ou da calefacción?, existe un lugar axeitado para deixar as bicicletas?. Estas e outras preguntas abrirán espazos á reflexión, que se é compartida e xera dinámicas comunitarias novas, será o mellor estímulo para encher o currículo oculto de reforzos positivos.

Deixamos unha imaxe posible: un departamento reunido para analizar os novos libros de texto; non falan só de deseño, de exercicios, de materiais complementarios; falan de contidos, de valores, de coherencia cos obxectivos da educación; sopesan o tratamento da natureza, dos problemas medioambientais, as conexións coa vida real e solucións propostas; detectan presenzas e ausencias en base a unha cultura da sostibilidade na relación entre os seres humanos e destes coa natureza. Quizais decidan non empregar libro de texto, quizais si, pero serán máis conscientes do seu peso na súa práctica docente e polo tanto abrirán novos camiños que levarán a novos lugares. Nisto consiste a docencia.

eleccións sindicais no ensino 4.12.2014 aulas libres 17

defendemos o ensino público contra os que impoñen as súas regras

a galiza do futuro e o futuro do ensino comezan agora


Os gobernos da Xunta e do Estado levan varios anos co mesmo mantra e a aplicaren exactamente as mesmas políticas: recortes, recortes, recortes. Non saben dicir outra cousa. Os efectos das súas políticas xa os coñecemos: miseria, miseria, miseria. E non o dicimos só nós, senón tamén institucións internacionais, incluso algunhas das culpábeis da crise en que nos atopamos.

O ensino público, laico, igualitario e multicultural que construímos a base de décadas de traballo é unha das vítimas destes recortes: mentres os orzamentos para o público non fan máis que diminuír, o diñeiro para o privado mantense ou mesmo aumenta. O obxectivo é claro: deteriorar o ensino público no seu funcionamento e na súa imaxe ata o punto de que sexa visto como algo negativo e a extinguir. No seu lugar, é claro, emerxería un modelo de ensino privado feito á imaxe e semellanza dos verdugos do público: conservadores no moral e liberais no económico.

«Cando pensabamos que coñeciamos todas as respostas, cambiáronnos de súpeto as preguntas». O aforismo resume á perfección o que está a suceder. A crise económica serviu e serve de escusa para cambiar o modelo económico e social. Dinnos que o Estado do benestar é inasumíbel e que cómpre facer cambios, como atrasar a idade de xubilación, privatizar servizos públicos ou instaurar o copagamento farmacéutico. Dinnos, tamén, que o mercado laboral é ríxido de máis, polo que reforman a lexislación ata o punto de deixar os convenios colectivos (como o noso) en papel mollado. Dinnos que o Estado non ten diñeiro, e entón conxélanos e recórtannos os soldos aos traballadores e traballadoras do ensino e do resto do sector público ou déixannos sen as pagas extras (que forman parte do noso salario), para o que atopan tamén o parapeto da mencionada reforma laboral.

deterioración do ensino, empobrecemento social

Non dan puntada sen fío, abofé, polo que o nacemento da Lei Orgánica da Mellora Educativa (LOMCE) é só un paso lóxico dentro desa lóxica de retrocesos. A LOMCE ou Lei Wert é unha auténtica contrarreforma do sistema educativo. Guiada unicamente por criterios clasistas e moralistas, consagra unha educación segregadora, elitista, adoutrinadora, antidemocrática e recentralizadora. A igualdade de oportunidades que con tanto esforzo se erixira como un dos piares do noso sistema educativo deixa paso, como na sanidade, a aquilo de «tanto [diñeiro] tes, tanto vales». Coa supresión da avaliación continua xa non se valorará adecuadamente o esforzo, senón só os resultados numéricos nunhas probas que, ademais, realizarán e puntuarán axentes que en ningún momento tiveron contacto académico co alumnado.



A contrarreforma educativa lévanos a unha sociedade máis pobre, menos democrática e menos libre. E é que falamos non só dunha norma que naceu sen consenso (piar da democracia), senón que expulsa a democracia dos centros; unha lei adoutrinadora que incrementa o peso da relixión católica (e só a católica), unha lei que fomenta a intolerancia, ao eliminar materias en que o alumnado se podía marabillar coa multiculturalidade e a diversidade. Ligado co anterior, a consideración como idiomas de segunda do galego e do resto de linguas cooficiais distintas do castelán, contribuirá a alimentar prexuízos propios doutros tempos e suporá un duro golpe á normalización lingüística.


Reivindicamos unha escola universal, gratuíta (comedores, libros de texto, actividades...) e inclusiva, que responda á diversidade de todo o alumnado, que respecte e recoñeza as súas diferenzas e as súas singularidades, que ofrezca as oportunidades educativas e as axudas necesarias (curriculares, persoais e materiais) para o progreso académico e persoal do alumnado. Todos os centros educativos teñen que ser inclusivos e teñen que reunir as condicións arquitectónicas e físicas apropiadas. Pedimos tamén o desenvolvemento dunha educación baseada nos valores do pensamento crítico, a solidariedade, a igualdade de xénero e o respecto da diversidade étnica, cultural e lingüística. Desenvolvemento de programas de coeducación, educación emocional e sexual, educación medioambiental, educación para a paz e a democracia, como temas transversais en todas as áreas. Nada disto é posíbel no marco da LOMCE.


dar resposta ás novas preguntas

Os recortes e a LOMCE son parte do noso presente, pero non nos resignamos: o futuro para Galiza e o ensino constrúese aquí e agora. É o momento de mover peza, é a hora de dar resposta ás novas preguntas e para iso precisamos de ti, porque o STEG non é simplemente un sindicato, senón a suma de persoas que compartimos inquedanzas que intentamos resolver guiándonos por uns principios e valores comúns.

No momento actual, a nosa principal inquedanza é a LOMCE. Fronte á barbarie da Lei Wert, o STEG promoverá a desobediencia cívica para evitar a súa aplicación efectiva na vida diaria dos centros. Reivindicamos o papel do Consello Escolar e do Claustro como órganos necesarios para o funcionamento democrático dos centros. Rexeitamos que axentes externos fagan a avaliación do alumnado e moito menos que os resultados se utilicen para elaborar un ranking do que dependan os recursos económicos dos centros.

En relación co galego, seguiremos a traballar pola derogación do mal





chamado Decreto do Plurilingüismo, norma que, como a LOMCE, naceu sen consenso e foi imposta malia a contar coa oposición da comunidade educativa. Para o STEG, cómpre elaborar e aprobar con consenso un Plan xeral para a Promoción e a Normalización do uso do Galego. Este plan establecerá medidas graduais e avaliábeis na consecución dos seus obxectivos, no camiño de garantir a competencia plena na nosa lingua de todo o alumnado e o seu uso vehicular.

Como organización comprometida co ensino público, exiximos a fin inmediata das subvencións e concertos aos centros que segregan por sexos, así como a eliminación progresiva dos restantes concertos educativos.

estabilidade no emprego

A creación de postos de traballo, pero tamén a estabilidade no emprego son para nós cuestións fundamentais. Na nosa opinión, un ensino público e de calidade precisa abondos recursos materiais, si, pero sobre todo humanos. Neste senso, rexeitamos a taxa de reposición do 10%, pero tamén calquera outra taxa: pedimos a creación de tantos novos centros e novas prazas escolares públicas como sexan necesarias para garantir unha oferta universal e gratuíta.

Pedimos que haxa un corpo único de ensinantes e exiximos tamén a derogación do modelo actual de acceso (Real decreto 276/07) e a substitución por un novo sistema que recolla o acceso diferenciado para o profesorado interino en que prime a experiencia docente.

No caso particular do medio rural, demandamos un tratamento lexislativo específico, especialmente no tocante aos requisitos mínimos dos centros, a súa estrutura organizativa e a normativa de funcionamento, e pedimos tamén a recuperación do programa Preescolar na Casa.

A elite clasista, reaccionaria, déspota e recortadora xa fixo os seus movementos ao cambiar as regras ao seu antollo e xa estamos a padecer as consecuencias. Agora é a nosa vez: temos que mover as nosas pezas para cambiar o resultado!

dez razóns para rexeitar a LOMCE

1. **Rancia.** Elimina materias concibidas para amosar a realidade plural da nosa sociedade ao mesmo tempo que incrementa a presenza da relixión católica (e só a católica). Tamén retrocede na igualdade efectiva entre mulleres e homes, o que se pode comprobar na propia linguaxe do documento ou nos concertos con centros que segregan por sexo.

2. **Orixé antidemocrática.** A contrarreforma aprobouse e imponse sen o apoio da comunidade educativa nin da maioría de axentes sociais.

3. **Segregadora.** Sen ter en conta as condicións socioeconómicas do alumnado promove a segregación social, introducindo a partir dos 12 anos itinerarios en función do rendemento académico.

4. **Despreza o profesorado.** O criterio da avaliación continua desaparece e deixa en mans de instancias externas a realización das reválidas.

5. **Dinamita os dereitos laborais do profesorado:** os interinos e interinas poderán ser despedidos ou contratados pola dirección sen respectar a posición nas listas; ao mesmo

tempo, a FP dual implicará a supresión de carga lectiva dos distintos ciclos formativos e, polo tanto, supresión de profesorado.

6. **Mercantilista.** Introduce nos centros unha xestión de tipo empresarial. Ademais, o director ou directora, cuxa elección corresponderá á Administración, terá amplos poderes, limitando a participación da comunidade educativa na xestión democrática dos centros.

7. **Fomenta a desigualdade de oportunidades entre o alumnado, pero tamén entre os centros:** aqueles con mellores resultados nas reválidas recibirán máis fondos, no canto de apoiar aqueles cuxo alumnado teña máis dificultades.

8. **Só favorece o ensino privado e os intereses das empresas** (cede xestión de centros públicos a entidades privadas e estende os concertos á nova FP básica).

9. **Limita o currículo.** Reduce calquera saber que eduque no pensamento crítico e na autonomía persoal e infravalora as linguas diferentes do castelán. No caso concreto da Primaria, aumenta as horas das materias instrumentais en detrimento doutras, mentres que na Secundaria reduce a presenza de Tecnoloxía, Filosofía, Educación Musical e Educación Plástica; elimina, ademais, o Bacharelato de Artes Escénicas, Música e Danza.

10. **Recentralizadora.** Aumenta a porcentaxe de contidos que marca o Estado e impón reválidas, privando de autonomía pedagóxica ao profesorado.



Foto: Josep Vecino



as marchas da dignidade, o 22M, o 29N e máis

No Estado español é evidente que se está a dar unha profunda involución democrática. A crise financeira móstranos cada día con maior crueza as contradicións existentes entre o neoliberalismo capitalista e a posibilidade de exercer un goberno democrático.

O poder económico é quen dispón da meirande parte dos medios de comunicación para si; ten o poder policial, o militar, ten o coñecemento científico, a educación, a xustiza, o control do fluxo financeiro, etc..., e os gobernos amósanse submisos e dependentes.

O xogo da especulación financeira provocou unha crise social e económica que deu lugar a que no Estado español e na Galiza suframos uns niveis de paro e miseria que fan que unha gran parte da poboación non consiga acadar unhas condicións de vida minimamente dignas. O capitalismo foi moito máis aló do que podíamos pensar e a orde que tenta impoñer en nome da democracia estanos a afogar, podemos dicir que até a matar, á clase traballadora.

chámanlle democracia e non o é

Atinadamente berramos esta consigna nas rúas, cando na xornada do 22M confluíamos en Madrid columnas de cidadáns e cidadás procedentes de todo o Estado nunha contundente expresión de Dignidade: A DIGNIDADE DO POBO.

A DIGNIDADE e a UNIDADE son as armas que o pobo temos para derrotalos. Hai que derrotar o capitalismo porque mentres non o derrotemos seguiremos a sufrir e a padecer os seus crimes. Non vai ser doado, pero o 22M as Marchas da Dignidade amosaron cal debe ser o camiño: derrotar ao poder é posible e ímolo conquistar.

As Marchas da Dignidade, o 22 M, é o movemento unitario que a clase traballadora, a maioría social, necesitamos. É un movemento multiplicador de conciencias, que traballa pola unidade e chama á unidade desde a lealtade e a xenerosidade, facendo fincapé no que nos une e respectando as diferenzas que, ao fin e ao cabo, suman, enriquecen e dan pluralidade ao propio movemento.

Na Galiza máis de 30 organizacións sociais, políticas e sindicais constituímos a Plataforma Galega das Marchas da Dignidade co obxectivo de darlle continuidade ao movemento creado no 22M e para seguir mobilizados na procura do poder popular, reivindicando, até conquerilo, PAN, TRABALLO e TEITO para todas e todos.

Con un pilar básico de sustento sindical, dende o sindicalismo alternativo galego (CUT, CGT, SF-Intersindical, SLG, STEG, Sindicato da Elevación, SIBGAL), proxectamos a confluencia cos movementos sociais e os partidos políticos que se definen anticapitalistas para, en pé de igualdade, darlle forma e capacidade organizativa ao movemento, que neste intre se atopa na fase descentralizadora e de asentamento local e comarcal en todo o país.

O próximo obxectivo da Columna Galega das Marchas da Dignidade será encher cunha riada humana a Praza do Obradoiro de Compostela o 29 de novembro de 2014. Esta mobilización deriva do acordo, tomado en Mérida, de darlle continuidade ao 22M e manifestarse simultaneamente, de forma descentralizada, en todo o Estado nesa data.

Aquí na Galiza estamos traballando por formatear esta mobilización e darlle carácter galego para ese día ateigar o Obradoiro e despois de aí seguir e seguir mobilizados, porque ten que ser o PODER POPULAR, o empoderamento do pobo, o que nos acabe levando, sen distracción, “sen marear a perdiz”, a unha necesaria Fronte Popular de cara ás vindeiras e/ou futuras eleccións e á toma das institucións.

Chámanlle crise pero é unha estafa. A estafa do gran capital cuxo único fin é manter os seus negocios, ás súas ganancias e o seu “status de clase” aínda a costa dos nosos dereitos e da nosa DIGNIDADE, a da clase traballadora, a da maioría social.

A situación que vimos a padecer nos últimos anos é insoportable. Estamos nunha situación límite que moitos xa califican de EMERXENCIA SOCIAL. Aqueles e aquelas que contraeron débedas pola súa voracidade para posuír, que as paguen, porque esta non é a nosa débeda.

O goberno goberna para os ricos e ao dictado do capital financeiro, da troika, facéndonos pagar á clase traballadora unha débeda que non xeramos, que é súa. É unha débeda ilexítima e odiosa. É a débeda dos especuladores e dos mercados financeiros, xerada polas súas ansias desaforadas por acumular bens e capital a calquera prezo.

Pouco lles importa que case un 30% de poboación estea no desemprego, que nos situemos xa por enriba do limiar dos dous millóns de pobres ou as 800.000 familias expulsadas do seu fogar por non poder pagar a hipoteca ou o alugueiro. Xente que xa vive sen luz ou sen auga corrente, que lle cortan por non poder pagar o recibo, ou que todos os días fai colas para conseguir alimentos e produtos básicos, e moitos e moitas que sobreviven co que atopan nos contedores de lixo.

Non somos de extrema esquerda, somos de extrema necesidade, como dixo o compañeiro Diego Cañamero o pasado día 1 de marzo en Vigo. Din que somos radicais e impoñennos a represión por saír á rúa, por falar e ate por reunirmos. Multas e detencións indiscriminadas. A “ley mordaza” é a súa solución para termos amedrentados e manernos calados. E somos radicais, si. Sómolo se isto se entende por ir á raíz dos problemas para solucionarlos. NON TEMOS MEDO.

Os gobernos NON NOS REPRESENTAN. Ninguén lles deu voto para que haxa case 6.000.000 de parados, para que se rebaixen as pensións, para que se privatice a sanidade, a escola ou o

J. C. Costoya
Sindicato Ferroviario-Intersindical de Pontevedra

transporte nin para que se finiquite a negociación colectiva ou se nos impoña esa infame reforma laboral que os traballadores en activo estamos a sufrir.

A imposición dos gobernos de priorizar o pago da débeda sobre a atención ás necesidades básicas da cidadanía, modificando “con nocturnidade e alevosía” - PP+PSOE - o art. 135 da Constitución foi unha TRAICION e un ATENTADO contra a maioría social do país. Unha traizón á clase traballadora que non debemos olvidar nin perdoar.

Non podemos aceptar unha sociedade resignada. A idea de que non se pode facer nada dálle ás aos gobernos e aos poderes reais para seguiren cos recortes dos dereitos e das liberdades, e con todo o que nos está caendo, se non nos rebelamos, acabamos sendo cómplices da situación, consciente ou inconscientemente.

Por iso, o vindeiro 29N, as galegas e galegos imos ocupar o OBRADOIRO, para seguir reclamando PAN, TRABALLO e TEITO para todas e todos dende A PLATAFORMA GALEGA DAS MARCHAS DA DIGNIDADE.

Vigo, 29/09/2014



O pasado 10 de Maio de 2014 celebramos en Lugo as Primeiras Xornadas “Coeducar en Igualdade”, organizadas pola Asemblea de Mulleres do STEG.

As Xornadas, alén do seu carácter de actividade de formación permanente do profesorado, tiñan por obxectivo servir de punto de encontro entre as mulleres do STEG e aquelas outras do mundo do ensino que estivesen interesadas nesta temática para traballar nas súas aulas dende unha perspectiva coeducadora, xa que é unha das liñas fundamentais do noso sindicato.

Para comezar, tivemos nas primeiras horas da mañá a ponencia de **Belén Regueiro Burgo**, que é pedagoga e Técnica de Igualdade da Casa da Muller do Concello de Lugo. Falounos da diferenza sexo-xénero, dos principais estereotipos e roles de xénero presentes na nosa sociedade e de cómo debería ser un modelo de escola autenticamente coeducadora. Coñecemos, asemade, as interesantes campañas levadas a cabo dende a Casa da Muller de Lugo (“A lingua en igualdade pégase. Emprégaa ben”, “Igualdina”, “No fogar somos un equipo: el polvo es cosa de dos”...), así como a revista RAPAZAS, dirixida a adolescentes, que tenta explicarlles cómo é unha relación sá e ofrece, ademais, recomendacións de libros, películas, curtas, test para rapazas e rapaces con relación de noivado e unha sección de consultas.

Na segunda parte da mañá acompañounos **Lola Ferreiro Díaz**, cunha interesante ponencia sobre a



as primeiras xornadas “coeducar en igualdade”

Educación afectivo-emocional dende unha perspectiva de xénero. Con ela puidemos reflexionar sobre o proceso de desenvolvemento das persoas e a construción da personalidade das nenas e nenos na nosa sociedade e a súa repercusión nas relacións interpersoais. Tamén vimos cómo as actitudes e as motivacións se poden construír en termos saudábeis e, se non se fixo así, pódense cambiar coa axuda adecuada, proporcionándonos estratexias para o traballo na aula.

Despois de desfrutar da comida, pola tarde fixemos a presentación do **Plan de Igualdade do STEG**. Trátase dun documento para a recollida de información nos nosos centros e en toda a comunidade educativa e para a realización dun diagnóstico real, o máis claro e obxectivo posíbel, sobre o sexismo. Ese diagnóstico deberá permitírnos intervir de maneira intencionada na educación do noso alumnado, propondo as correccións oportunas en cada caso.

Os aspectos estudados a través das enquisas, cuestionarios e rexistros de datos que ofrece este **Plan de Igualdade do STEG** son, basicamente, estes catro: a) aspectos xerais de organización do centro, b) práctica educativa dende a perspectiva do alumnado e do profesorado, c) interacción entre o alumnado e, finalmente, d) relación familias-alumnado.

Coidamos que este Plan pode ser unha ferramenta de axuda importante para conseguir unha Escola Pública, Galega, de Calidade e Coeducadora que:

- * Potencie o desenvolvemento integral das persoas sen fomentar determinados valores, actitudes e capacidades en función do sexo.
- * Non poña como único modelo o masculino, e incorpore o mundo e as experiencias das mulleres.
- * Contemple a variábel xénero nos contidos curriculares, na linguaxe oral e escrita, nas imaxes, nas actitudes,...
- * Presente variedade de opcións sexuais, morais, familiares, profesionais, etc., eliminado calquera rasgo de sexismo.
- * Ofrezca informacións sexuais científicas e libres de prexuízos.
- * Eduque na corresponsabilidade no ámbito do “público” e do “privado”.
- * Integre os valores positivos de ambos sexos, rompendo os estereotipos existentes.
- * Eduque para a vida desde a convivencia fomentado o espírito crítico, o compromiso a creatividade e a xustiza.

Posteriormente, con **Amanda Díaz Pena**, Presidenta da Asociación Enriqueta Otero de Lugo, baixo o título “Por que non son cousas de nenos. Do conto de fadas ao ideal romántico”, reflexionamos sobre os valores pouco axeitados que transmitimos as nosas nenas e nenos con películas como as de Disney, onde a muller é submisas e obediente, orientada cara ao amor, obxecto de desexo, coidadora ou a malvada do filme, entanto o home sempre é o heroe... Visionando 10 minutos da película “A Bela adormecida” constatamos como estabamos diante dun verdadeiro relato de violencia de xénero, nada recomendábel, desde logo, para unha educación coeducadora... Identificamos tamén os mitos do amor romántico presentes nestas películas infantís: o mito da media laranxa, o mito do príncipe azul, o mito do sufrimento, o mito da exclusividade, o mito do libre albedrío, o mito do matrimonio e o mito da beleza da reconciliación.

Foi, en todos os sentidos, unha experiencia formativa e analítica moi produtiva e interesante, que coidamos paga a pena repetir. Por iso, a Asemblea de Mulleres do STEG traballa xa na organización dunhas Segundas Xornadas Coeducar en Igualdade que terán lugar en Lugo o sábado 7 de marzo de 2015, cun total de oito horas de formación homologada. Sobre elas pódese atopar información detallada na área Formación STEG do web do sindicato (www.stegsindicato.org).

o armário, a UNESCO, o homossexual e o lusista

No canto noroeste da Península Ibérica, berço —não esqueçamos— do português, costumam dar-se situações que, no mínimo, merecem algum comentário. Isto porque verifiquei demasiadas vezes como o progressismo de muitos galeguistas perde pé em se tratando da “questão ortográfica”. É com este tema que eu pretendia corresponder a um convite feito durante a greve geral de 29 de março de 2012. Nesse dia tão assinalado, um colega de sindicato avançou com a seguinte conversa (vou parafrasear): —Ó Kiko, queria falar contigo, e com outras pessoas, porque dava jeito a vossa colaboração; é para escrever em..., mas, pronto, tu tens o problema da ortografia (o trecho sublinhado é literal). Não te importavas de...?— (ele não terminou a pergunta mas todos imaginamos o que se seguia).

Acho interessante, do ponto de vista antropológico, verificar-se, na interação com os chamados lusistas, a facilidade e naturalidade com que vêm à tona certos discursos ou esquemas mentais que nunca se deixariam transluzir em presença de, por exemplo, um homossexual —Ó Fulano, gostava imenso que viesses à uma festa que... mas, pronto, está o problema da tua orientação sexual—. De certeza que muitos ficariam chocados pela indelicadeza de tal ação (incluídos os que fazem exatamente isto com os que usamos uma ortografia diferente da chamada “oficial”) e aquele que tivesse partilhado essa perspetiva, mesmo que só fosse por um instante, enterraria no mais profundo da sua psique tais pensamentos, tratando de esquecer para sempre que já alguma vez os teve (E, se a tua mão direita te escandalizar, corta-a e atira-a para longe de ti. Mateus 5:30).

Já me aconteceu também, durante convívios onde estabelecemos relações sociais, engolir a seco, e como primeira tomada de contacto com elementos da dita esquerda nacionalista, abordagens do género —Tu és lusista ou és português?: É que “se nota”—(sic). Alguns de nós, devido à timidez, podemos não nos sentir tão à vontade em eventos com muitas pessoas. Reconheço. Mas é simplificar demais atribuir somente a isto o fracasso desta e de outras interações, nomeadamente quando o assaltante, de batata frita a cair pelos cantos da boca e na felicidade dos justos, insistiu em prolongar de maneira desnecessária uma conversa que já tinha nascido morta. Eu agradeço a boa intenção, esse quebrar o gelo, mas não o despropósito nem a inoportunidade.

Atente-se na seguinte situação com um alopécico que mal conhecemos: —Ó Fulano, tu estás a perder cabelo, não estás?—. Ninguém se ria, por favor, porque não são perguntas feitas com má vontade ou escárnio mas com a naturalidade e a candura própria dos miúdos, pela simples necessidade de saber, como quando perguntam ao pai, dedo indicador esticado, —Por que essa senhora é tão gorda?—. O problema está em que determinadas perguntas e comentários que já me fizeram galeguistas com mais idade do que eu (que estou na casa dos quarenta) e que deviam conhecer bem a realidade do país, não parecem senão o sintoma de alguma coisa que não está a bater certo. Dispensa mais explicação, poupem-me. Se quem está a ler isto tiver mais de 15 anos e ainda não souber de que estamos a falar... desculpe lá, meu amigo / minha senhora, não me leve a mal, eu aprecio o seu interesse e tal, mas desde já lhe digo que há qualquer coisa aí também que não está bater certo consigo. Procure ajuda.

Voltando ao dia da greve e ao convite, quis que a minha resposta fosse igualmente cortês —Desculpa, mas eu não tenho nenhum problema com a minha ortografia—, ao que ele concedeu —É verdade: o problema é nosso—.

Pois é, é isso... Agradeço a sinceridade. O problema é teu, é vosso. Não estou a celebrar nenhuma vitória: eu ganho, eles perdem... Não! Nem são contas que a gente vá acertar porque não é a parâmetros tão míopes que se devem circunscrever determinados assuntos e debates. Eu quero ir

além. Este reconhecimento é, a meu ver, mais um passo na direção correta. A realidade de um homossexual não seria tão diferente da de um heterossexual, não fosse a pressão, o preconceito e o imobilismo social: o problema não está na opção sexual do indivíduo mas na incapacidade da sociedade para lidar como isso. Sem vitimismos, que não são para aqui chamados, e sem pretender enfiar no mesmo saco gays, lésbicas, imigrantes, deficientes motores, lusistas, e demais fauna, até porque são realidades (e lutas) bem diferentes, quero apenas recordar-vos que toda essa fauna e muita outra somos, afinal, pessoas e, portanto, passíveis dos mesmos direitos. Mas vós já sabíeis disso. Haverá, no entanto, quem prefira ainda que



determinadas tendências sexuais e ortográficas, embora admissíveis e respeitabilíssimas (blá-blá-blá), fiquem limitadas à clandestinidade e sordidez de escuros cubículos wc de estações de transporte de passageiros, onde cristão não para. Seria apenas por acidente ou azar que algum incauto, respondendo ao chamado da natureza e de calças aos pés para iniciar a despressurização, descobrisse horrorizado e tarde demais como porta, paredes e teto estão salpicados com os restos orgiásticos de cedilhas, jotas e agás em contranaturais combinações de grafiteiro —*Já estiveram também aqui esses porcos!*—. E é que há realidades francamente incômodas e escolhas que não conseguimos encaixar no nosso pequeno mundo, as quais, seguindo a tática da avestruz, seria melhor nunca ver.

Estará na altura de perguntar-se, então, onde ficaram a abertura de mente e aquele conceito, há tanto tempo lugar comum, da tolerância. Oiço em assembleias, discursos e intervenções os tão costumeiros “companheiros e companheiras” que tencionam visibilizar a mulher (eu aplaudo); leio nos autocolantes dos vossos cadernos e pastas “todos diferentes, todos iguais”. É claro que somos todos diferentes! Mas, quanto àqueles que assumimos uma determinada opção ortográfica para a nossa língua... será que também somos iguais? Será que não merecemos também ser visibilizados? **E o que é ser tolerante?** —pergunto—: é só admitir o diferente?, suportar?, aturar?, sofrer com paciência?

Segundo o art. 1º (Significado da tolerância) da Declaração de Princípios sobre a Tolerância, da UNESCO¹ (a tradução é nossa):

1.1 Tolerância é respeito, aceitação e valorização da rica diversidade de culturas do nosso mundo, das nossas formas de expressão e modos de ser humanos. (...)

1.2 A tolerância não é concessão, condescendência ou indulgência. A tolerância é, acima de tudo, uma atitude ativa derivada do reconhecimento dos direitos humanos universais e liberdades fundamentais dos outros.

Coloco, portanto, à consideração de todos uma outra questão: julgais que é tolerância pretender-se que alguém viva a própria opção ortográfica sem dar nas vistas? —*Vai haver pessoas a ver-te / ler-te... Ó filha, podias dissimular um pouco!*—. Digo mais, um gay ou uma lésbica sabem perfeitamente onde está o armário, ficou atrás; não precisam, portanto, de dedos bem-intencionados a lhes indicarem o caminho de volta: muitos já lá estiveram e não querem regressar. Não me fabriqueis agora novos armários para novas necessidades nem me indiqueis o caminho com o dedo (obrigado!). Alguém considera, acaso, que modelos considerados perversos para um dado contexto poderão vir a ser benéficos quando reproduzidos noutra? Será que ainda não ficou suficientemente claro que são modelos (auto-)repressivos?

Eu sei que havia (e ainda há) casos bem piores, que se avançou, que os tempos mudaram. Recordo perfeitamente a frase que me espetou há vinte e tal anos o “cabo primero” Varela: —*¡Chaval, estás en el Ejército Español y en el Ejército Español se habla Español!*— (Olé!). —*Estás a ver?*— direis —*Aquilo é que era repressão e não isto de que te estás a queixar tu, meu palhaço*—. Era, era, tendes razão... Era um vexame e só cabia engolir a raiva, não dá nem para comparar. Mas não comecemos a festejar ainda pois o ser humano, condizendo com o processo de seleção natural e de concorrência entre as espécies, deve estar vocacionado para a excelência em todas as diferentes facetas da sua vida... respeito e tolerância incluídos. Devemos, por isso, comparar-nos sempre com aquele que está por cima, que é melhor do que nós, não com quem está lá no fundo. Assim o velocista deveria ter como referência a lebre e não a tartaruga. Fazei o próprio, boa gente, e não vos olheis no espelho do nosso amigo Varela, mesmo porque qualquer hortaliça, se falarmos de tolerância, ganharia a este animal por goleada. Quanto aos exemplos a seguir, fica da vossa conta.

¹http://portal.unesco.org/en/ev.php-URL_ID=13175&URL_DO=DO_TOPIC&URL_SECTION=201.html

1.1 Tolerance is respect, acceptance and appreciation of the rich diversity of our world's cultures, our forms of expression and ways of being human. It is fostered by knowledge, openness, communication, and freedom of thought, conscience and belief. Tolerance is harmony in difference. It is not only a moral duty, it is also a political and legal requirement. Tolerance, the virtue that makes peace possible, contributes to the replacement of the culture of war by a culture of peace.

1.2 Tolerance is not concession, condescension or indulgence. Tolerance is, above all, an active attitude prompted by recognition of the universal human rights and fundamental freedoms of others. In no circumstance can it be used to justify infringements of these fundamental values. Tolerance is to be exercised by individuals, groups and States



Kiko Nieto

Vejo os avanços, quem pode negar? O Império não parece já o que era e até o próprio Darth Vader, tantos anos presidente autonómico, terminou por morrer de velhinho (coitado!). Porém, depois de tantos anos, o Luke Skywalker que todos fomos quando jovens, ao constatar entre a Aliança Rebelde da Galáxia Gallaecia tantos indivíduos contagiados com essa querença sinistra para o Lado Obscuro da Força, só tem vontade de chorar (ou de pedir a alguém que pegue a Galáxia toda e a enfie por algum buraco negro adentro). Não adianta tentardes justificar com casuísticas, poréns ou porquês. É tudo conversa fiada, palmadita (e facadita) nas costas. Não pergunto, aliás, porque alguém escreve seguindo determinados usos gramaticais e ortográficos (isso é lá com cada um) mas porque se impede ou dificulta que eu exerça o meu direito a fazer uso da norma que, em base a critérios puramente filológicos, considero mais congruente. É o desrespeito pelos nossos direitos esse Lado Obscuro de que falo.

É mais, as escusas que até à altura me foram dando não passam de crípticos circunlóquios difíceis de reproduzir ou da mera constatação de uns factos consumados que não respondem à questão —*É que nós escrevemos assim*—, ou da apresentação de resultados de sisudos estudos sociolinguísticos jamais realizados —*É que a maioria dos galegos não percebem essa maneira de escrever*—... quando não é a simples estocada direta —*Se queres escrever assim porque não te piras para Portugal?*— (como a tentar juntar num único e definitivo desterro todos aqueles pequenos destertos quotidianos a que somos condenados).

Ao menos, aquele mata-sete do Varela era coerente e, inclusive, alguém poderia aduzir em sua defesa que, por ele estar também submetido a categóricas leis militares no relativo ao uso do castelhanho, não tinha mais hipótese que acatar e fazer acatar o regulamento. Não serei eu que o defenda, é pessoal (confesso), eu que o vi deliciar-se na humilhação. Contudo (a César o que é de César), é de justiça dizer-se que o nosso bravo militar não tinha dobrez nem fingimento, que a sua sinceridade era brutal (em todos os sentidos da palavra) e que agia sem qualquer hipocrisia. Quantos de nós poderíamos dizer isso? Acho que isto é uma valente lição porque, quanto a coerência, é ele que ganha de maneira esmagadora.

A tolerância não é um posicionamento estético. **A tolerância dói:** com aquilo de que gostamos, que nos agrada e dá prazer, não necessitamos ser tolerantes.

Não venho cá mendigar quaisquer direitos pois eles me pertencem e os direitos não se pedem em esmola mas, antes, exige-se a sua restituição ou fazem-se valer. É isto último que eu faço e, ao tempo, agradeço de coração o convite e a oportunidade de publicar neste espaço e com esta ortografia. É só mais um passo e resta ainda muito caminho por andar... mas é um caminho que devemos fazer de mãos dadas.

Obrigado.



A Pedagogía Sistémica CUDEC nace da man de Angélica Olvera, mestra, pedagoga, terapeuta, formadora..., despois do encontro con Bert Hellinger, filósofo alemán que descubriu, co método das Constelacións Familiares, as ordes que regulan o equilibrio dos sistemas. Hellinger di que cando estas ordes non se respectan, alguén do sistema vaino facer patente amosando dificultades ou enfermando. Esas tres ordes son: a pertenza, a xerarquía ou lugar que a cada quen lle corresponde e o equilibrio entre o dar e o tomar.

Angélica Olvera, Alfonso Malpica e o equipo CUDEC teñen unha longa bagaxe na innovación educativa; fundamentalmente dende o constructivismo, intelixencia emocional e os aportes da terapia familiar sistémica. Esta nova corrente pedagóxica aporta unha nova mirada que permite incluír no proceso de ensino-aprendizaxe os aspectos relacionais, afectivos, de comunicación... todo o que ten que ver co noso desenvolvemento como persoas.

É unha pedagogía centrada no sistema. Ademais de ao docente e aos alumn@s, inclúe a todos os demais implicados no proceso educativo. É, asemade, unha pedagogía de vínculos, de inclusión, de reconciliación, que ubica a cada persoa no lugar que lle corresponde e que ensina a impulsar e desenvolver o talento.

O sistema familiar e o escolar conflúen nos centros educativos formando un sistema maior. A Pedagogía Sistémica Cudec céntrase na interacción e o lugar de cada un dos elementos que o compoñen, para acadar unha maior funcionalidade. Moitos dos problemas que se dan na escola teñen fácil solución dende este enfoque.



Traballei nunha escola rural na que había moito conflito entre as familias en relación á escola. Despois de formarme como pedagoga sistémica puiden ver o asunto e acompañar cara a solución. Tiña que ver con como fora recoñecida e non recoñecida a que fora mestra da maior parte dos pais e nais. Durante un curso traballamos na preparación dunha homenaxe a todas as persoas que foran profes nesa escola, ás familias e ós espazos que os acolleran. Neste artigo non me cabe todo o relato do vivido pero si dicir que despois do recoñecemento chegou a paz á escola.

Ocupar o lugar que a cada quen lle corresponde é outra das ordes. Ten consecuencias graves e sempre trae conflito non respectalo. Cando un profe pretende ocupar o lugar dos pais dun alumno, ou se coloca “por riba” das familias, xúlgaas, danlle pena... Cando as familias non se fían da escola, non respectan @s profes... inmediatamente hai conflito. Angélica Olvera di: “Cada un no seu lugar para poder educar”.

Cando nos colocamos na escola como docentes e aceptamos esta realidade, de que formamos parte dun sistema, e temos claro o lugar que nos corresponde ocupar, de repente a visión amplíase. Xa non podemos mirar aos nosos alumnos e alumnas sen seus pais detrás. Miral@s así é miral@s complet@s. Esta mirada reconcilia familia e escola, inclúe e respecta a historia de cada sistema tal e como é.

Cando vemos a un alumno que ten dificultades para a tarefa escolar, para prestar atención na clase, unha cuestión de sentido común lévanos a preguntarnos a onde mira e onde ten posta a súa atención. E sempre é así: a atención tena posta en alguén do seu sistema familiar, porque a familia é o máis importante para tod@s. Todo fillo ou filla actúa por amor. Cando o/a mestre/a pode mirar este profundo amor do/a fillo/a as intervencións son outras, máis en sintonía coa súa realidade, coa súa historia.

Moitas veces como docentes sentímonos cansos. Cando podemos mirar con este enfoque descubrimos que a maior parte das dificultades ás que se enfrontan alumn@s, profes e directivos teñen solución. Precísase un tempo de formación, de traballo persoal que nos permita poder acompañar con éxito o noso alumnado.

Porei algún exemplo de como se aplica nos centros esta nova corrente pedagóxica.

Todos, sen excepción, os que formaron e forman parte dun centro educativo teñen dereito a pertencer e a ser recoñecidos. Ás veces ocorre que alguén se vai sen unha despedida, se marcha “mal”, este simple feito terá consecuencias no futuro.

O equilibrio entre o dar e tomar é sempre entre iguais. Na familia os pais dan e os fillos reciben. Na escola @s mestres e mestras dan e @s alumnos e alumnas reciben. “Nun sistema todos os que forman parte teñen un lugar que ha ser respectado e recoñecido. Dende ese lugar defínense tamén unha serie de dereitos e deberes. Existen unhas leis de orde nas relacións, de pertenza, de xerarquía que ao ser aplicadas a cada nivel do feito educativo: organización do centro, do equipo docente, relación familia-escola, entre o profesorado-alumnado, entre profes, entre alumn@s, cos contidos curriculares..., permiten que a tarefa de ensinar e aprender sexa máis fluída e eficaz nun marco de comunicación e respecto”. Algo tan sinxelo de ver e tan difícil, ás veces, de actuar.

Como persoa e como mestra agradezo esta aportación tan valiosa da Pedagogía Sistémica Cudec que me alixeirou a carga e que me permite acompañar as miñas alumnas e alumnos con máis eficacia, menos conflito e amorosamente no seu paso pola escola, sempre ao servizo das súas familias e da vida.

bibliografía

–*Inteligencia Transgeneracional. Sanando las heridas del pasado*, Bert Hellinger e Angélica Olvera. Editorial Grupo Cudec.

–*Sintonizando las miradas. Soluciones amorosas a los conflictos entre la escuela y la familia*. Angélica Olvera, Mercé Traveset e Carles Parellada. Editorial Grupo Cudec.

–*Raíces, vínculos y alas. Una pedagogía de la abundancia*. Angélica Olvera, Mercé Traveset e Carles Parellada. Editorial Grupo Cudec

–*Eres uno de nosotros*. Marianne Franke-Gricksch. Editorial Alma Lepik

28 desacademizar a lectura

Ler para divertirse, ler para aprender, ler para evadirse, ler para coñecer outros mundos, ler para vivir outras vidas, ler para soñar, ler para rir, ler para chorar, ler para dudar, ler para combater a ignorancia, ler para espertar e manter activa a mente, ler para satisfacer a curiosidade, ler para escribir mellor, ler para non sentirse só, ler para gozar da soidade, ler para compartir en sociedade, ler para comprender, ler para navegar polas redes sociais, ler para procesar a información, ler para estudar, ler para falar mellor, ler para entender un manual de instrucións ou unha folla de matrícula, ler para sermos máis críticos, ler para camiñar pola vida... Se asumimos que a lectura ten moitas caras e que formar cidadáns con boas competencias lectoras resulta esencial para unha sociedade, non podemos deixarlle toda a responsabilidade dese proceso ao sistema educativo. A formación de lectores e lectoras competentes, capaces de recibir, procesar, seleccionar e utilizar a información que precisan en calquera ámbito das súas vidas é unha das tarefas da escola, certo, pero debe reforzarse desde todos os sectores, nun necesario traballo en rede que lle dea plena dimensión social.

Con esa intención naceu hai sete anos no Val Miñor *Espazo Lectura*, unha asociación que desenvolve un amplo proxecto de fomento da lectura no que se inclúen trece actividades estables ao mes, tanto para público adulto ou adolescente como para nenos e nenas coas súas familias, como unha alternativa social de ocio pero tamén de formación. Desde as sesións de *Contos en cueiros*, para bebés de 0 a 3 anos, pasando polo contacontos do *Contomar* ou as sesións de dinamización lectora da Casa da Lectura, para nenos e nenas de 3 a 9 anos, ata chegar ao club de lectura compartida *Lendo contigo*, para nenos e nenas de 7 a 11 anos, ofrécense un abano de propostas nas que as familias teñen un papel protagonista. As nais e pais contan contos, preparan sesións de dinamización a partir das lecturas, cantan e xogan cos nenos e nenas a partir dos contos, investigan con eles polas múltiples portas que os libros abren, buscan información e coméntana, acompañanos nas sesións... Porque, máis alá de delegar na escola ou nas bibliotecas o labor de creación de hábitos lectores entre os nosos fillos e fillas, as familias debemos asumir un papel activo que complementa, desde o espazo da afectividade, ese traballo fundamental de fortalecer as competencias lectoras, tan necesarias para o seu desenvolvemento lingüístico e académico.

As actividades para público infantil e familiar complétanse con outras para adolescentes (*Comando Le*) e para adultos (o club de lectura *Sete vidas*, de narrativa, e o *Lecturas debuxadas*, de banda deseñada), así como con outras propostas anuais ou esporádicas como a *Noite na biblioteca*, o *Dar de ler coma quen dá de beber*, a *Fogueira dos versos* na noite de San Xoán ou as accións lectoras que en forma de asaltos poéticos ou de sentadas lectoras saen á rúa para visibilizar a lectura. Buscamos a complicidade da xente, pero tamén a implicación do Concello de Gondomar e o apoio dos centros de ensino e das editoriais, nun esforzo por tecer redes sólidas de colaboración que permitan crear tempos e espazos para o encontro co libro e a lectura, con autores e autoras, con ilustradores e ilustradoras, con contadores e contadoras e con moitos outros profesionais, nun proceso que nos fai medrar en moitos aspectos.

É obvio que a lectura como actividade académica ten que formar parte do día a día dos centros de ensino, pero resulta fundamental que non quede cinguida ao espazo académico, que desde as familias participemos con naturalidade en diferentes actividades de fomento da lectura, tanto nas que se nos propoñen desde as propias bibliotecas escolares



comunidades de aprendizaxe aulas libres 29

como nas que se ofrecen desde as bibliotecas públicas ou desde proxectos como o de *Espazo Lectura*. Implicarnos en actividades de fomento da lectura fainos medrar e fortalécenos como persoas. Asistir cos nosos fillos e fillas a contacontos, obradoiros ou sesións de club de lectura fortalécenos a eles como lectores e sitúa a lectura nunha dimensión socializadora moi importante, que crea hábitos culturais estables.

Para *Espazo Lectura* é un reto manter unha programación con máis de cen actividades estables ao ano, para todas as idades, con vontade inclusiva e integradora, de xeito que as persoas que se acheguen poidan definir o seu nivel de participación: poden simplemente asistir e ser receptores das propostas que os distintos equipos de coordinadores preparan, poden participar con colaboracións puntuais ou esporádicas en sesións concretas e poden, se así o desexan, integrarse de xeito estable nalgún dos equipos de voluntariado das distintas actividades. Queremos crear sociedade lectora activa, participativa, que se sume á necesaria rebelión lectora e cultural que precisamos para mudar o mundo en que vivimos.



Ás persoas cústanos moito traballar en grupo. Por inseguridades propias, desconfianzas, orgullo... rexeitamos as ideas dos demais. Encaramos as situacións complexas que se nos presentan sen saber buscar asesoramento n@s outr@s. Acoirazados na nosa individualidade e partindo da presunción ignorante de “non vaian crer que non sabemos” pechámonos ao diálogo. Mais saber como tratarnos e potenciar a expresión das aptitudes características de cada quen, ao tempo que se aprende delas, constitúen ferramentas óptimas para a vida. Porén, estes aspectos deberían traballarse no entorno escolar se queremos que o centro sirva para facilitar que os rapaces e rapazas poidan moverse neste mundo en constante cambio.

As Comunidades de Aprendizaxe presentan este novo marco. Normalízase que diferentes profesionais da contorna acudan ao centro para explicar o seu labor: agricultores, gandeir@s, empregad@s do fogar, médic@s, camareir@s, desempregad@s... ao tempo que forman parte das tarefas de voluntariado no centro ou dos clubs de lectura do mesmo. Artéllanse relacións baseadas na confianza que preparan ao alumnado para a sociedade da comunicación na que vivimos. A escola aplica un xeito de ensinar mediante o diálogo igualitario, valorándose as aportacións que poden facer todas as intelixencias da comunidade. Traballando con esta organización, distribuindo a aula de xeito distinto e integrando diferentes persoas da comunidade, prodúcese mellorías significativas en varios planos:

As profesoras e profesores senten que o seu traballo merece a pena. Perciben melloría no rendemento e esforzo escolar á vez que reduce moito a conflictividade nas aulas (o proxecto europeo Includ-ed demostrou cientificamente que a organización da aula en grupos interactivos heteroxéneos, ademais de promover a solidariedade, favorece a aprendizaxe instrumental).

As alumnas e alumnos reciben perspectivas moito máis amplas sobre a sociedade e o mundo. A súa autoestima increméntase por unha dobre vía: senten máis próximos os membros adultos da súa comunidade amais de ser tratados por eles con visión de altas expectativas e confianza. O seu autoconcepto amplíase e a consideración de “eu si podo facelo” redunda nun maior esforzo pola súa banda. A igualdade de oportunidades cobra sentido.

Para as persoas adultas que acoden ao centro tamén iso constitúe melloría en varios eidos: participar nos grupos interactivos obrígaas a multiplicar os xeitos de explicar e usar os recursos mentais, falarlles aos nenos e nenas do seu traballo fainas reflexionar sobre el e colaborar nos clubs literarios axúdaas a establecer relacións de calidade c@s veciñ@s.

Didacticamente falando, Piaget xa demostrou no seu momento que había dous tipos de relación social: a submisión a unha autoridade exterior e a cooperación entre iguais. A evolución moral d@ nen@ consegue que este transite dende o primeiro tipo ás brillantes praias da autonomía. Posto que o desenvolvemento do razoamento moral é paralelo ao desenvolvemento do razoamento lóxico, ambos aspectos deben ser traballados con idéntica atención nas aulas. Esta idea xeral reflictea no libro *El criterio moral en el niño*, Fontanella, Barcelona, 1971, p.335 cando afirma: “A lóxica é unha moral do pensamento, como a moral é unha lóxica da acción”.

Actualmente existen máis de 120 centros públicos no Estado español que son comunidades de aprendizaxe. Debido ao seu éxito, extendéronse comunidades de aprendizaxe a nivel internacional, comezando xa a estar presentes na Galiza. Para implantar unha, todo o claustro de profesorado debe compartir esta visión da realidade. Para ter máis información pódese visitar a seguinte páxina web: <http://www.comunidadesdeaprendizaje.net/>

experiencias de aula os outros en nós

A experiencia didáctica que describo a continuación tivo lugar no Instituto de Ensino Secundario A Basella en Vilanova de Arousa (Pontevedra) durante o curso 2013-2014. Os seus protagonistas foron catro rapazas e un rapaz que cursaron a materia de “Antropoloxía” de 1º de bacharelato.

Ademais de desenvolver outros contidos da programación didáctica, reservamos ao longo do curso unha hora semanal (das catro de que dispuñamos) para a realización dun proxecto de investigación que deu como resultado un fermoso traballo: *“Lendas, ritos e tradicións de Vilanova de Arousa e arredores”*.

Os **obxectivos** da materia concretáronse na experiencia do xeito seguinte:

- Fomentar o traballo en grupo e cooperativo
- Conceder ás familias e á comunidade un papel protagonista no proceso de ensino-aprendizaxe.
- Contribuír á toma de conciencia da riqueza inmaterial da nosa cultura e da necesidade de preservala.
- Familiarizar ao alumnado con certas metodoloxías empregadas nas ciencias sociais.
- Otenciar o autocoñecemento individual e colectivo ao confrontar discursos con manifestacións de racionalidades heteroxéneas.


Os **recursos** empregados foron moi sinxelos. Cos teléfonos móbiles propios fixéronse as gravacións de voz que recollían as entrevistas realizadas a familiares ou veciños, e tamén se tomaron as fotografías de lugares de interese. Así mesmo, empregáronse ordenadores para a transcripción das narracións obtidas e para a elaboración do traballo colectivo. Finalmente unha bibliografía básica serviu de soporte teórico para a interpretación e análise do material compilado.

A **estruturación da actividade** pasou polos seguintes momentos:

- En primeiro lugar as “antropólogas” e “antropólogo” entrevistaron a familiares e veciños (nomeadamente avoas e avós, pais, nais e tíos) recollendo os seus relatos en gravacións de voz e de xeito escrito.
- A continuación, fíxose unha posta en común para analizar o material obtido. Coa axuda da bibliografía pertinente realizouse unha clasificación que permitise discriminar mitos, ritos, tradicións e lendas doutras aportacións que non correspondía integrar no traballo. Na posta en común do recollido o alumnado decidiu se había diferenzas significativas nas narracións dun mesmo contido e, de ser o caso, quedaron reflectidas como variantes no traballo colectivo.
- Como resultado obtivemos un conxunto de lendas relacionadas coa morte e a conexión entre mundos (“aire do morto”, “Santa Compañía”, anuncios de morte); lendas e ritos relacionados coa vida e a fertilidade (rito dos padriños de Ponte Arnelas); lendas relacionadas con encantos, mouros, outros seres sobrenaturais e/ou os seus signos; lendas relacionadas con tesouros, así como rituais e tradicións populares.
- Por último - e novamente axudados da bibliografía necesaria - realizouse colectivamente unha análise e interpretación de cada unha desas lendas que permitiu descubrir a racionalidade implícita e, xa que logo, a función social que este tipo de saber popular cumpriu na sociedade tradicional galega ata hai ben pouco.

Entre as **conclusións** que tiro da experiencia cabería salientar a gran capacidade de análise que teñen os nosos rapaces e rapazas cando dispoñen do tempo necesario para a discusión argumentada, a enorme potencia pedagóxica que teñen as voces dos maiores cando son integradas no contexto educativo, o xurdimento dunha marabillada conciencia da abondosa riqueza da nosa tradición oral e a profunda aportación ao desenvolvemento do pensamento crítico que proporciona o coñecemento da racionalidade no mito dun xeito práctico. Tal coñecemento prepara non só para valorar axeitadamente a nosa identidade, senón tamén para entrever os elementos mitolóxicos presentes nun discurso racional que etnocentricamente despreza o diferente; é dicir, exemplifica a necesaria *dialéctica da Ilustración* que con excesiva frecuencia fica esquecida na transmisión do coñecemento das sociedades occidentais. Se os nosos mitos teñen unha lóxica, por que non tamén os dos outros? Non será mitolóxica a autoafirmación excluín-te que ás veces realizamos en nome da razón?

Con das Sete Pías, Cambados
Foto: Alicia Baúlo



experiencias novas en escolas vellas 31

Unha entrevista a Isabel García, mestra na escola da parroquia de Ombre (Pontedeume).

Vides de publicar un artigo sobre experiencias educativas nunha escola rural de Pontedeume, a escola de Ombre. Ao comezo do artigo faise mención da comunidade escolar como a autora colectiva deste traballo, querendo transmitir as vosas inquedanzas didáctico-pedagóxicas así como a súa posta en práctica. Realmente ves así o traballo docente?

Ben, o noso centro é unha escola rural que inclúe os 3 últimos cursos de Infantil e os 2 primeiros de Primaria. No centro estamos a titora, que son eu, a especialista de Inglés e a profe de Relixión Católica. O corpo docente colabora moi estreitamente coas familias e coido que levamos a cabo un labor de axuda mutua que facilita e enriquece considerablemente a realización dos proxectos e traballos educativos.

Non obstante, as familias son vistas con frecuencia como un encordio na escola, non é raro ler avisos nos coles onde se roga aos pais e nais que non entren, que non suban ás aulas, que non pasen deste punto, etc...

Eu pódome contar a miña experiencia, claro está, e a miña experiencia é que nais e pais nos axudan constantemente a arranxar cuartos baleiros que queremos poñer en uso, a pintar paredes, a facer pequenas reparacións... O noso centro é unha antiga escola rural con vivenda; así pois dispoñiamos dunha vella cociña en desuso e grazas ao equipo de traballo adulto, que se tivo que empregar a fondo, hoxe dispoñemos dun lugar que nos permite levar a cabo unha serie de actividades moi atractivas para o alumnado, como son as culinarias.

Pero quizá esas deberían ser tarefas reservadas ao persoal do Concello...

Do Concello recibimos unha axuda inestimable; auga corrente nos puntos que nós precisamos, pintado de fachadas, acondicionamento xeral do recinto, instalación dun invernadoiro, etc. Tamén asociacións como a da *Froita Autóctona do Eume* plantou unhas maceiras no noso cole das que, por certo, xa gozamos das súas exquisitas mazás. Mais iso non substitúe a imaxe formadora que representa para as nenas e os nenos ver aos adultos axudar a cultivar nese invernadoiro, por exemplo, ou explicando os seus coñecementos e sabedoría sobre cando e como plantar brócoli, coliflor ou tulipáns. Por outra banda, ocorre que nais e pais entenden e integran a escola nas súas vidas de maneira definitiva, corresponsabilizándose na práctica educadora diaria. Así pois, traballamos en conxunto porque acreditamos nun ensino participativo e enriquecedor no que caben as contribucións de todos os membros da comunidade escolar.

Cóntanos algunhas desas experiencias destes últimos anos.

A verdade, son moitas e variadas. Non sei, no traballo publicado en Eduga falamos do noso "Taller RRR": neste taller o lema é Reducir, Reutilizar e Reciclar. O taller de reciclaxe dámos respostas ecolóxicas e lúdicas. Primeiro elaboramos o edificio que ía soste o noso proxecto, con cartóns montamos as paredes e o tellado, e alí gardamos todo o material que tiñamos e nos foi chegando. Así pois, unha vez construído e ben fornecido, comezamos a acudir a el cada vez que precisabamos material para os nosos proxectos. O curioso foi que, unha vez decorado e preparado, a rapazada tomou posesión del para lle dar renda solta ao seu máxín: foi academia de policía, base militar, academia do amor, etc., segundo a fantasía que desenvolvían en cada momento, o taller desdobrava a súa función. Converteuse nun elemento indispensable dos seus xogos. O taller RRR fixo así honor ao seu nome máis do que nunca.



Vexo que detrás do que contas hai unha reflexión pedagóxica moi concretada.

Seguimos unha metodoloxía activa dentro dun ensino integral, favorecedor do desenvolvemento das capacidades dos nenos e nenas. Situando os nosos proxectos de aprendizaxe nun binomio espazo-tempo, imos colocando todos os saberes e experiencias cos que nos imos atopando na aula, sempre desde a súa experiencia persoal e concreta. O desenvolvemento de procedementos e coñecementos está, en todo momento, entrelazado con valores (imprescindibles no tecido educativo) que propicien unha conciencia de respecto e tolerancia cara aos demais e cara ao medio no que vivimos.

Así pois, a idea da ecoloxía, da natureza e da creación artística están en todos os ámbitos do voso traballo, non si?

Vouche poñer un exemplo: un día iniciamos o estudo da cor mediante a mestura de colorantes alimentarios e alimentos. Creamos unha tinta natural formada por unha masa de fariña e auga que nos permitiu facer unha paleta de cores. Despois inventamos e escribimos, coa tinta natural que fixeramos, un poema da primavera nun cartón reutilizable. Co engrudo natural, pegamos anacos de plantas recollidas no noso cole. Dado que tamén estamos recollendo follas e flores para facermos un herbario, decidimos combinar a lírica coa natureza e fixemos un herbario poético. Como xa visionáramos por internet o herbario poético de Pablo Neruda na súa “Oda ás flores de Datitla”, puidemos colocar a este autor no noso atlas histórico e a Chile e Uruguai no xeográfico. Para lle dar un toque final á nosa obra, botámoslle azucre, previamente coloreado. Fixemos tamén unhas madalenas na nosa cociña e decorámolas con nata de cores. En fin, as cores e os irisados permitíronnos así gozar e investigar.

Realmente parece moi complexo e difícil o labor docente visto deste xeito, naturalmente dígoos desde fóra da vosa experiencia...

Iso é, desde fóra, pois a realidade é que os nenos e as nenas teñen moitas ideas para lle dar utilidade a todo o material de reciclaxe, por exemplo: os rotuladores gastados convértense en aguerridos paos das velas dun barco, os tubos vellos de pegamento van ser sólidas columnas de edificios..., son eles, en definitiva, os que suxiren, inventan, dan solucións, propoñen, establecen relacións. Ti só precisas orientar, guiar, pautar, organizar, distribuír, tirar conclusións e aprendizaxes. É moito máis fluído, sinxelo e divertido do que poida parecer: o que debes facer é relaxarte e entrar na súa lóxica. Aquí vivimos nun parque natural, a Fraga do Eume, e queremos renderlle homenaxe como se merece á súa riqueza, e para iso precisamos o estudo, o respecto e a creatividade. É o noso medio e querémolo conservar gozando del. Así é como o vemos.

E para rematar, que recomendacións ou achegas lles podes facer ás mestras e mestres que lean as vosas experiencias?

Pois desde a satisfacción que supón traballar así e dados os resultados, altamente positivos, que se obteñen con este tipo de experiencias, animo a indagar nesta liña de docencia, na que a participación e investigación por parte dos nenos e nenas e a colaboración das familias, enriquecen o noso labor e contribúen a un proceso de ensino-aprendizaxe significativo no que a participación da Comunidade Educativa se converte así en Comunidade de Aprendizaxe, favorecendo claramente o benestar e o desenvolvemento de todos os membros da mesma.

e coa palabra, a experiencia da mediación

Os centros educativos, como organizacións sociais que son, reflicten os mesmos problemas que o resto da sociedade, converténdose así en espellos dos valores, males e carencias da mesma. Por iso, no IES Castro Alobre, desde o curso 2010-11, apostamos pola mediación entre iguais como un xeito de resolución pacífica de conflitos. Tendo en conta que estes son consubstanciais ao ser humano e que, polo tanto, resultan inevitables, decidimos aprender, e logo ensinar, a solventalos dun xeito construtivo.

Tras valorar o clima de convivencia no centro, consideramos que un dos nosos retos debía ser aprender a resolvelos a través do diálogo. Habilitar espazos (Aula de Mediación) e estruturas (Equipo de Mediación, curso de formación, protocolo e documentos) que posibilitaran a mediación, a negociación e o compromiso. Desta maneira, o alumnado implicado (mediador-partes) podía aprender a decidir, opinar e suxerir, así como a extraer o lado positivo do conflito e resolvelo por si mesmo, non só no contexto escolar, senón tamén noutros ámbitos da vida cotiá.

Na recollida e análise de datos para valorar a convivencia no instituto, observamos a necesidade de diálogo que manifestaban os distintos sectores e a importancia que se lle concedía á existencia dun grupo de mediación.

que resultados obtivemos?

Despois de cinco cursos traballando e poñendo en práctica a mediación, os resultados son moi positivos, tanto para o profesorado implicado, como para o alumnado mediado e mediador. A continuación, reproducimos algunhas gráficas onde se pode visualizar o alto nivel de satisfacción co Programa de Mediación.

recuperar os camiños¹

no IES Castro Alobre (Vilagarcía de Arousa)

alumnado mediado


Que significou para min a mediación?



Que foi o máis importante da mediación?



Valoración da mediación do 1 ao 10




alumnado mediador


Como valoras o curso de formación de mediador@s?




Como valoras a túa experiencia mediadora?



Que valoras máis do aprendido?



Que che resultou máis satisfactorio do proceso de mediación?



Como conclusión, salientar que a mediación nun centro educativo só ofrece vantaxes, pero se tivesemos que quedar con dúas, estas serían as seguintes. En primeiro lugar, a posibilidade de **FALAR** e **ESCOITAR** que se lles ofrece ás partes implicadas no problema, dúas palabras clave en calquera resolución pacífica de conflitos. Case sempre, ao rematar o proceso mediador, resaltan o valor do diálogo e a necesidade de practicalo máis. En segundo lugar, destacar a formación en resolución pacífica de conflitos que se lles dá ao alumnado que quere formar parte do equipo de mediación. En definitiva, do que temos absoluta certeza é de que cada sesión de mediación resulta unha inversión de futuro para todo aquel que participou nela.

¹ Este verso da poeta Ana Romaní, extraído do seu poemario *Das últimas mareas*, é o lema do Equipo de Mediación do IES Castro Alobre.

Para máis información sobre o noso Equipo (protocolo, dípticos, charlas alumnado 1º ESO, memoria anual, etc...), clicar pestana Mediación (lateral dereita) na páxina web do centro <http://www.edu.xunta.es/centros/iescastroalobrevilagarcia/>.

caxade

afiadores da realidade

para ver, para ouvir, para ler

O pórtico do primeiro traballo discográfico de Caxade está formado por dúas pezas (*Introito* e *Afiador da realidade*) que, ademais dunha presentación da propia banda, constitúen unha xenuína declaración de intencións. Así é. A música e as letras desta interesante formación nacen nun contexto sociohistórico moi concreto e a el responden. Pezas como a xa popular *Xente pota*, ou *Dança das moscas* (que dá título ao conxunto do traballo), *Demos graças* ou *Lei d'Hont*, critican diferentes aspectos da realidade actual, como o trampulleiro sistema electoral vixente, a culpabilización das clases sociais que padecen a crise, o descaro co que as minorías privilexiadas aproveitan a situación para medrar e enriquecerse aínda máis, a sangría da emigración contemporánea, etc. Son letras breves, pero case nunca sinxelas. A retranca e a indignación están moi presentes. Pecha o disco o hímico *Folium da rebeliom*. Nun repaso polos temas non podemos deixar atrás *Amelia*, onde atopamos unha evidente pegada do folclore nunha peza que combina delicadeza e humor.

O grupo, que botou a andar hai ben máis dun ano, está liderado por Alonso Caxade, autor das letras e a música, que é o acordeonista máis valorado do panorama actual. Fixo parte de formacións como o Cuarteto Caramuxo, co que colleitou varios premios. Houbo xa quen o comparou co bretón Yann Tiersen, creador da banda sonora da película *Amélie*, ou co norteamericano seducido pola música mexicana e mais a de Europa do Leste, Zach Condon. Non lle falta razón a quen o fixo, xa que os tres son multiinstrumentistas e os tres teñen especial querencia polo acordeón. Alonso lémbra-nos a Tiersen na delicada elegancia de moitas das súas melodías e a Condon na súa querencia polos metais.

Eis outra das claves de Caxade. O bombardino e a trompeta teñen un papel determinante no son do grupo. Manuel Espinho é o bombardinista que lle dá base ás harmonías, mentres que Manu Paino fai soar a trompeta cunha dozura que a converte por momentos na protagonista sonora da banda. A percusión corre a conta do batería Xosé Espinho.

Outro aspecto que singulariza a Caxade é que nace e se desenvolve co vídeo como soporte e motor. Alonso foi creando as pezas e gravou coa axuda de Javier Antelo, Iria Piñeiro e Tania Ameneiro. Destaca a estética dos vídeos, consonte coa música e coa posta en escena dos membros da banda. Na rede tiveron unha moi boa acollida, o que impulsou un proxecto que o propio Alonso Caxade reivindica como folk, aínda que estea moi lonxe do que adoitamos designar con este termo. Desexamos unha longa e fecunda traxectoria a Caxade, pois a súa música é necesaria.



treixadura

25 anos de música

Nos principios dos noventa estabamos a vivir o apoxeo da música folk galega. Eran momentos extraordinarios: a madurez plena de Milladoiro, a proposta contemporánea de Berrogüetto, o éxito comercial internacional de Luar Na Lubre e Carlos Núñez, etc. Porén, en Treixadura nunca tiveron présa por triunfar e viron desde o primeiro momento que o fenómeno que se estaba a vivir chegaría tarde ou cedo ao seu devalar. Eles querían marcar o seu propio ritmo. De aí que, por exemplo, non cedesen ás presións recibidas e en ningún momento deixasen de usar o traxe tradicional. Crían firmemente no que facían e, sobre todo, gozábano. Tiñan claro que, devagariño, chegarían a ter un lugar central dentro da música galega. E así foi.

Esta historia comeza alá polo ano 1990, cando un grupo de, pouco máis que rapaces, empezaron a xuntarse no Muíño Vello de Redondela. Xaquín Xesteira, Toniño e Xoán López, xunto con Xabier Martínez. No lugar deste último, incorpórase Paulo Nogueira, cando xa O Chilro entrara a facer parte da formación. A escolla do nome foi doada, segundo contan os protagonistas. Cando tiveron que buscar unha palabra que os definise, decatáronse de que o que os unía eran as ganas de pasalo ben facendo música tradicional en compañía, compartindo en cada ensaio unha botella de viño treixadura. Hai que recoñecer que foi un acerto, xa que Treixadura é un nome moi eufónico que anuncia o sabor e a alegría que o grupo trae consigo.



Isabel González Avión

aulas libres

35

Antón Cabaleiro, Mingos Lorenzo, Moncho Marín e Delio Domínguez Outros membros destacados do Orfeón foron O Chilro, Tino Baz e Morgan. A este último, xa falecido, vai adicado o “Canto do meu compañeiro”, que forma parte do disco *Esa si que é muiñada* (2011).

Con ese traballo péchase a xeira do muiño dun xeito espectacular, xa que conta coa colaboración das agrupacións corais máis sobranceiras e veteranas do país: Toxos e Froles de Ferrol, Cántigas da Terra de A Coruña, Cántigas e Agarimos de Compostela e a Coral De Ruada de Ourense. O remate do disco é o tema que lle dá título *Esa si que é muiñada*, que ten música tradicional e de Paulo Nogueira. Os arranxos para banda son de Rodrigo Romaní. Acompañando a Treixadura están os coros que participan no disco, ademais da banda Agrupación Musical do Rosal.

No final do 2014 Treixadura quixo celebrar o seu 25 aniversario cunha grande festa no Teatro García Barbón de Vigo. Os días 2 e 3 de outubro gravaron o seu primeiro disco en directo, no que participa o Coro Cántigas e Agarimos e que contén as pezas máis populares e queridas polo público: “Alalá de Carballo”, “O Merlo”, “A Chula de Pontevedra”, “Fisterra”, “Foliada de Sarela”, “Muiñeira do Santo Amaro”, “Se chove”, “Foliada Marmuradora”, “Canto do meu compañeiro”, “Lúa clarea”... Así mesmo interpretaron varias pezas estreadas para a ocasión, como a “Muiñeira da Volta da Festa” e “Apártaio”. O concerto, que foi unha grande celebración, poderémolo lembrar en DVD.

Treixadura, durante todos estes anos, soubo resgatar letras e melodías, ofreceulle ao público o legado da música culta e bandística que se inspirou na popular, soubo crear, arranxar, compoñer, sumar colaboracións, facer de cada concerto unha festa, en definitiva, dar vigorosa vida ao noso patrimonio musical.

Obrigado foi o seu primeiro disco, editado en 1996. Daquela o grupo era un cuarteto de gaiteiros ampliado. Non introduciran aínda o acordeón. Os cinco tocaban e puñan voz ás pezas que interpretaban entre as que sobrancean o *Alalá de Carballo*. Nese primeiro traballo contan coa colaboración de Delio Domínguez e das Donicelas, pandereteiras de Salceda que máis adiante gravarían o seu propio disco, no que tamén Treixadura participou. En homenaxe ao Muiño Vello de Redondela (e, por extensión, a todos os muiños) escolleron cada verso da copla “Unha noite no muiño, / unha noite non é nada. / Unha semaniña enteira / esa si que é muiñada” para dar título aos catro seguintes traballos discográficos.

Paseniñamente Treixadura foi facendo o seu camiño. A incorporación de César Longa para o seu segundo disco configura o grupo tal e como ía perdurar até hai poucos anos. O acordeón daralle ao cuarteto de gaiteiros unha meirande versatilidade. Comezan os traballos do muiño: catro excelentes discos nos que Treixadura nos ofrece verdadeiras xoias da música tradicional. *Unha noite no muiño* é seguido por *Unha noite non é nada*. Neste terceiro disco tómase unha decisión que traerá unhas consecuencias maiores das que se preveron naquel momento. Nace o Orfeón Treixadura para interpretar algunha das pezas máis destacadas do traballo, como “A Chula de Pontevedra”. Corrían os tempos da loita contra o chapapote e a negrura da incompetencia. Treixadura atopou en Rodrigo Romaní un apoio inestimábel. Con el gravan a peza que pecha *Albeida*, primeiro disco en solitario do ex-compoñente de Milladoiro. Todo isto marcou un punto de inflexión na traxectoria do grupo.

No ano 2004, a preparación do espectáculo “Son de Aquí”, no que comparten escenario con Leilía e Quico Cadaval, vai provocar un cambio na ubicación dos ensaios. Apartir de agora será a casa de Pitusa Losada, en Cambados, a que acollerá ese intenso labor. Ao mesmo tempo, nos dous seguintes discos *Unha semaniña enteira* e *Esa si que é muiñada*, a formación (gaiteiros e orfeón) pasa a concebirse como unha unidade: Treixadura. Resulta difícil sinalar os temas máis destacados destes traballos, pero se hai algo indiscutíbel na traxectoria do grupo é o fito que supuxo o rescate e difusión dun tema xa lendario dentro da música galega. Trátase de “Fisterra”, peza pola que o público demostra devoción.

Logo da baixa de Xan López, Treixadura incorpora ás súas filas á mítica gaiteira do desaparecido grupo Muxicas, Magoia Bodega. O orfeón tamén sofre diversos cambios, que traen as voces de Pablo de Rei, Xurxo Raposo e Álvaro Lamas, para sumalas ás de Gustavo Cuntín, Toño Fontela, Alberte Raposo,

para ver, para ouvir, para ler

algunhas definicións contidas en abelcebú (diccionario do demo e a mona) (Eds Positivas, Compostela, 2010), de carlos negro

Abreviatura: Código universal da cultura adolescente.

Adolescente: Dinamita hormonal dentro dun barril de pus.

Academia: Museo de momias sabias, especializadas en cultura mortuoria.

Adoutrinar: Instruír nos principios xerais da incultura mediante métodos televisivos.

Barbarie: Estado natural do ser humano, só alterado levemente polos virus da cultura e as miasmas da educación.

Bibliofilia: Estraña enfermidade en vías de extinción, pois non se propaga a través dos medios de comunicación de masas.

Campus: Parque ateigado de estudantes onde a revolución das flores ficou reducida a botellón de licores.

Castrapo: Método de exterminio idiomático perpetrado por intelectuais de insuperable prestixio, consistente en estragar dúas linguas a un mesmo tempo, mesturando ambas las dos en una columna harmonicamente bilingüe del jornal La atroz Galicia.

Cidadanía: Rabaño guiado cara á mansedume do consumo.

Civilizar: Extinguir os instintos con biblias ou bombas.

Colexio: Fábrica socializadora onde se pretenden ensinar valores alternativos aos que ditan a televisión e o mercado, case sempre con resultados escasamente esperanzadores.

Congreso: Asemblea de escritores para deliberaren sobre o grao de aceptación social das súas respectivas vaidades.

Desencanto: Síntoma de madurez intelectual, previo á deserción de todas as bandeiras.

Desintoxicar: Eliminar os efectos nocivos da televisión mediante o internamento nunha biblioteca.

Discurso: Artefacto intelectual causante de danos doutrinais de carácter irreversible.

Docente: Profesional da paciencia, que non da sabedoría.

Dubidar: Comezar a entender.

Educación: Doma e castración da disidencia intelectual, mediante un sistema de ensino que democratiza a ignorancia e ignora a liberdade; por suposto, o mestre supremo deste sistema segue a ser a televisión, deus totémico de onde maman os nenos.

Ensinar: Sinalar a senda do escepticismo, nunca a do fanatismo.

Escola: Illa rodeada de decretos educativos por todas partes.

Estudiante: Cachorro domado polo sistema educativo.

Estudar: Copiar, memorizar, repetir, vomitar.

Exame: Proba de resistencia psicolóxica ante un folio en branco.

Experiencia: Ignorancia mitigada polo desgaste dos anos.

Gazafello: O chulito da clase, aínda que non lle caese a casca do cu.

Gheada: Os galegos saben pronunciar moi ben o hache do inglés.

Graduado: Preparado para o paro.

Historia: Fantasía literaria argumentada con datos e datas.

Ideoloxía: Mochila que pode estar cargada de libros ou de explosivos.

Ignorante: Cidadán para quen todas as épocas veñen sendo Séculos Escuros.

Illetrado: Liberado de prexuizos culturalistas.

Inspector: Detective da burocracia.

Intelectual: Opinador profesional, especializado en ofrecer bos argumentos para o debate e nulas solucións para os conflitos.

Lectura: Sublime soidade dos que aínda pretenden sentir, entender e medrar.

Masificar: Encher de estudantes unha universidade para logo condenalos ao desemprego.

Matemática: Ciencia que explica todo aquilo que os poetas non cantan.

Mestre: Aquel que ensina a aprender o moito que hai que matinar.

Nómina: Folla na que se constata que o valor do traballo non coincide co prezo da vida.

Parvulario: Pequenos en tamaño non equivale a cativos en malicia.

Pedagogo: Ou pisa vostede a aula ou a aula pisa as súas teorías.

Profesión: Aquilo que nos dá de comer, pero nos quita de soñar.

Profesor: Babiolo que trata de ensinar todos aqueles coñecementos que a sociedade non demanda e todos aqueles principios éticos que a familia non aplica.

Recreo: Tregua para tomaren osíxeno os alumnos, cafeína os profesores e nicotina os interinos.

Reeducar: Insistir no erro de corrixir a quen non quere aprender.

Saber: Ignorar un chisco menos do común, pero moito máis do necesario.

Sobresaliente: Cualificación que merece un alumno que as suspende todas, e aínda así consegue gañarse o favor dos seus proxenitores.

Titulación: Papeliño que dá dereito á inestabilidade laboral permanente.

Zurdo: O da esquerda, o que non se adapta, o maldito, o castigado sempre ao pupitre derradeiro.

datos das sedes do STEG

SANTIAGO

r/ Avenida de Coimbra, 15. 15704 Santiago

Tfno 981580700

corunha@stegsindicato.org

Horario de atención:

De luns a xoves de 10 a 14 h. e de 17 a 19 h. Os venres de 10 a 14 h.

LUGO

r/ Conde, 31 - Entresollado esquerda. 27003 Lugo

Tfno 982240066

lugo@stegsindicato.org

Horario de atención:

De luns a xoves de 10 a 14 h. e de 17 a 19 h. Os venres de 10 a 14 h.

OURENSE

r/Bedoia, nº5-2º dta, 32004 Ourense

Tfno 988252323

ourense@stegsindicato.org

Horario de atención:

De luns a xoves de 10 a 14 h. e de 17 a 19 h. Os venres de 10 a 14 h.

PONTEVEDRA

Praza Curros Enríquez, nº 1, oficina 201. 36002 Pontevedra

Tfno 986 85 75 45

pontevedra@stegsindicato.org

Horario de atención:

De luns a venres, pola mañá, de 10 a 14 h. Luns e Xoves á tarde, de 17 a 19 h.

Mércores á tarde, de 17.15 a 19.45 h.

VIGO

r/ Doutor Cadaval 33 2ºC. 36202 Vigo

Tfno 986228658

vigo@stegsindicato.org

Horario de atención:

De luns a venres, pola mañá, de 10 a 14 h. Martes e Xoves á tarde, de 17 a 19 h.

calendario da oferta formativa

homologada do STEG para o curso 2014/15

(para máis información, entra en www.stegsindicato.org e procura a lapela “Formación”)

2014 novembro	2015 xaneiro	2015 febreiro
1. Curso pedagogía CUDEC , Venres 21 (de 17 a 20 h.) e Sábado 22 de Novembro de 2014 (de 10 a 14 e de 16 a 19). Total= 10 horas, LUGO	3. Curso sobre software libre : Sábado 17 (10 a 14 e 16 a 20 horas) e Sábado 24 (10 a 14). Total= 12 horas. A ESTRADA	5. Curso tecnoloxía 3D , Venres 27 (de 17 a 20 horas) e Sábado 28 (de 10 a 14 e de 16 a 19). Total= 10 horas. OURENSE
2. Xornadas Innovación Educativa Infantil e Primaria , Sábado 29 (de 10 a 14 e de 16 a 20 horas). Total= 8 horas. CALDAS DE REIS	4. Curso Con letra e música de muller Venres 30 (de 17 a 20 h.) e Sábado 31 (de 10 a 14 e de 16 a 19). Total= 10 horas. COMPOSTELA	
2015 marzo	2015 abril	2015 maio
6. Segundas Xornadas Cooeducar en Igualdade , Sábado 7 (de 10 a 14 e de 16 a 20 horas). Total= 8 horas. LUGO	8. Xornadas Educación Medioambiental , sábado 18 (de 10 a 14 e de 16 a 20 horas). Total= 10 horas. VIGO	10. Curso de Sexualidade e Afectividade , Venres 8 (17 h. a 20 h.) e Sábado 9 (10 a 14 e 16 a 19). Total= 10 horas. OURENSE
7. Curso sobre creación materiais co Encerado Dixital Interactivo : Martes W10 (de 18.30 a 20.30 horas), Mércores 11 (de 18 a 21 horas), Xoves 12 (de 18 a 21 horas), Martes 17 (de 18.30 a 20.30 horas), Mércores 18 (de 18 a 21 horas) e Xoves 19 (de 18 a 20 horas). Total 15 horas. COSTA DA MORTE	9. Curso sobre blog escolar , Venres 24 (17 h. a 20 h.) e Sábado 25 (10 a 14 e 16 a 19). Total= 10 horas. A MARIÑA DE LUGO	



**Defendemos
o ensino público**
Contra os que impoñen as súas regras

